

O CAMIÑO DAS MULLERES

Un libro de Sabela Losada Cortizas
con ilustracións de Ana Villegas e fotografías de Soledad Felloza

Coordinación, investigación e textos: **Sabela Losada Cortizas**

Fotografías e textos que as acompañan: **Soledad Felloza (páxinas: 8, 20, 32, 44, 54, 64 e 156)**

Outras fotografías cedidas por: **Aoife, Isabel, Alba, Ximena e Tomoko.**

Ilustración: **Ana Villegas**

Tradución ao inglés: **Mariela Oreskovic**

Revisión lingüística en galego: **Inés Rodo Montes**

ISBN: 978-84-09-22225-4

Decembro de 2020

Obra realizada ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia

*Existe a maxia e pode ser de todos.
¿A que tanto novelo e tanta historia?*

EU TAMÉN NAVEGAR.

Xohana Torres

Índice

Presentación	11
O Camiño de Santiago e as mulleres	23
Aoife	68
Isabel	86
Alba	102
Ximena	120
Tomoko	138





Entrar no bosque, en silencio, só co son do teu respirar. "

Presentación

Escribir este libro foi un agasallo. O proxecto, non o vou negar, era orixinalmente moito máis ambicioso. Incluía exposicións e charlas acerca das achegas das mulleres peregrinas á cultura de Galicia e das mulleres galegas ao Camiño a través dos séculos, nun diálogo fóra do tempo que outorgaba relevancia á importancia do Camiño na procura de liberdade das mulleres e no encontro consigo mesmas; unha exposición que había rotar por varias das poboacións —especialmente rurais— que integran os diferentes Camiños.

Pero apareceu a pandemia, e moitas actividades culturais tiveron que se suspender ou pospoñer. Todos/as nos tivemos que reinventar, en realidade. O proxecto deste libro tamén, así que decidimos concentrarnos en dar forma á súa esencia: a edición do libro *O CAMIÑO DAS MULLERES* que tes diante, coa honra engadida de ter sido seleccionado para integrar o FONDO DE PROXECTOS CULTURAI S XACOBEO 2020 DE CONTIDOS CREATIVOS DE INTERESE CULTURAL E ARTÍSTICO, LINGÜÍSTICO E TURÍSTICO da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Este libro, como dicía, é un agasallo cheo de ilusión e de esperanza.

Quizais pareza un detalle trivial, pero como muller nómada que leva máis da metade da súa vida gozando do pracer de viaxar, o momento no que me decatei da realidade do que estabamos a vivir foi cando descubrín que non había voos. Mirar ao ceo e non ver ningún ronsel de avión, apenas os ruidosos helicópteros ambulancia e de control policial, fíxome asumir que o mundo realmente estaba a mudar. Evidentemente había imaxes máis terribles: os hospitais colapsados, as longas ringleiras das tendas, as crianzas confinadas... Pechada na miña casa, como tantas persoas de tantos países, sentindo que o mundo exterior estaba cada vez máis afastado e se tingúa do gris das beirarrúas que non pisaba ninguén, empecei a ler acerca de Exeria, Margery Kempe e Edith Wharton, entre outras peregrinas, e as súas historias —tan descoñecidas para min— encheron as paredes da miña casa de mundos inmensos e de horizontes imposibles.

E entón este libro fíxome volver soñar con viaxar. Non é a viaxe a posibilidade real e concreta de facer realidade os soños?

Escribir este libro ha sido un regalo. El proyecto, no lo voy a negar, originalmente era mucho más ambicioso, e incluía exposicións e charlas acerca de las aportaciones de las mujeres peregrinas a la cultura de Galicia y de las mujeres gallegas al Camino a través de los siglos, en un diálogo fuera del tiempo que pusiera de relevancia la importancia del Camino en la búsqueda de libertad de las mujeres y en el encuentro consigo mismas. Una exposición que estaría en ruta por varias de las poblaciones —especialmente rurales— que integran los diferentes Caminos.

Pero apareció la pandemia, y muchas actividades culturales se tuvieron que suspender o posponer. Todos/as nos tuvimos que reinventar, en realidad. El proyecto de este libro también, así que decidimos concentrarnos en dar forma a su esencia: la edición del libro *O CAMIÑO DAS MULLERES* que tienes ante ti, con el honor añadido de haber sido seleccionado para integrar el FONDO DE PROXECTOS CULTURAI S XACOBEO 2020 DE CONTIDOS CREATIVOS DE INTERESE CULTURAL E ARTÍSTICO, LINGÜÍSTICO E TURÍSTICO de la Secretaría Xeral de Política Lingüística de la Xunta de Galicia.

Este libro, como decía, es un regalo lleno de ilusión y esperanza.

Quizá parezca un detalle trivial, pero como mujer nómada que lleva más de la mitad de su vida disfrutando del placer de viajar, el momento que me hizo darme de bruces con la realidad de lo que estábamos viviendo fue enterarme de que no había vuelos. Mirar al cielo y no ver ninguna estela de avión, apenas los ruidosos helicópteros ambulancia y de control policial, me hizo asumir que el mundo realmente estaba cambiando. Evidentemente había imágenes más terribles: los hospitales colapsados, las largas colas de las tiendas, los niños confinados... Encerrada en mi casa, como tantas personas de tantos países, sintiendo que el mundo exterior se iba haciendo cada vez más lejano y se teñía del gris de las aceras que no pisaba nadie, empecé a leer acerca de Egeria, Margery Kempe y Edith Wharton, entre otras peregrinas, y sus historias —tan desconocidas para mí— llenaron las paredes de mi casa de mundos inmensos y horizontes imposibles.

Y entonces este libro me hizo volver a soñar con viajar. Porque ¿acaso el viaje no es la posibilidad real y concreta de hacer realidad los sueños?

Writing this book has been a gift. The project itself, I will not deny it, was originally more ambitious, and included expositions and chats about the contributions of women pilgrims to Galician culture, as Galician women have to the Way over centuries, a dialogue out of time that shows the relevance of the importance of the Way in the search for women's freedom and in finding themselves. This exposition would be on the route through a variety of populations -especially rural- that make up the different Ways.

But the pandemic happened and many cultural activities had to be suspended or postponed. We all had to reinvent ourselves, in this new reality. The projection of this book as well, as we decided to give shape to its essence: the edition of the book *THE WOMEN'S WAY* that you have before you, with the additional honour of having been selected to be a part of the XACOBEO CULTURAL PROJECTS FUND 2020 FOR CREATIVE CONTENT OF CULTURAL, ARTISTIC, LINGUISTIC AND TOURISTIC INTEREST (*FONDO DE PROXECTOS CULTURAI S XACOBEO 2020 DE CONTIDOS CREATIVOS DE INTERESE CULTURAL E ARTÍSTICO, LINGÜÍSTICO E TURÍSTICO*) of the Secretaría Xeral de Política Lingüística de la Xunta de Galicia.

This book, as I said, is a gift full of hope and dreams.

It might seem like a trivial detail but as a nomadic woman that has spent half of her life enjoying the pleasure of travel, the moment that made me come face to face with reality of what we were going through was the absence of flights. Looking at the sky and not seeing any trails left by planes, just barely the noisy ambulance helicopters and police patrols, made me understand that the world was really changing. Evidently there were worse images: overburdened hospitals, small stores with long line ups, closed bars, confined children.... Shut up in my house like so many people from so many countries, feeling that the outside world was further and further away, being stained into grey like the sidewalks that saw no feet, I started reading Exeria, Margery Kempe and Edith Wharton, among other female pilgrims. Their stories, so unknown to me, filled the walls of my home with immense worlds and impossible horizons.

So this book made me dream of travelling again, because isn't travel just the real and concrete possibility of making your dreams come true?

Este ano tivemos que adaptarnos, esforzarnos, resignarnos e atopar a enerxía para seguir adiante nun mundo de súpeto marcado polo medo, pola falta de contacto e pola restrición de movementos; xusto o contrario do que o Camiño representa. Pero a vida é mudanza continua e somos capaces de enfrontar situacións adversas e de descubrir a nosa propia afouteza. Así o destaca Aoife, unha das mulleres que conta a súa historia neste libro: “cando marchamos de viaxe, todos os días eran diferentes, estivemos en países tan distintos, coñecemos moi boa xente... Agora sempre teño ganas de viaxar.” E así é o Camiño, onde cada día é distinto. O estudantado que acompañou Tomoko desde Xapón sabe que significa que o mundo se faga anacos, vivírono nas súas casas, dentro das súas familias, durante o horror que arrasou o seu país tralo tsunami, unha dor que o Camiño axudou a superar. E en diferentes formas e graos, todas as mulleres que contan as súas vivencias neste libro atoparon na viaxe a calma para recomezar. Eu mesma crucei o Atlántico por primeira vez fuxindo da dor dos anos de acoso da miña adolescencia. Viaxar é abrir unha nova porta. O Camiño, como di Ximena, é “unha potencia transformadora onde paso a paso, quilómetro a quilómetro, transcéndense as dificultades, aprendes a compartir con xente descoñecida e a confiar na vida e no que o Camiño trae como aprendizaxe.”

Imaxinemos como sería para as viaxeiras de hai séculos. Aquelas valentes mulleres, que preparaban á vez maletas e testamentos, despedían aos seus —quen ás veces lles torcían o xesto en sinal de desaprobación— e botábanse ao camiño ignorando o mandato xenérico e sen saber como chegar nin que carreiros seguir —como descobre Edith Wharton anos despois— pero confiando firmemente no seu instinto e na súa determinación. E nas súas ansias de liberdade. Seica non é iso viaxar? Ximena cóntanos que unha viaxa para deixar de coidar a outros e dedicarse tempo a unha mesma. Seguramente isto era aínda máis certo para estas aventureiras mulleres medievais, para quen a peregrinación era un argumento poderoso ao que aferrarse en busca dunha vida propia, fóra das ríxidas convencións sociais.

Tomoko cóntanos que moitas mulleres, aínda hoxe en día, non fan o Camiño porque os seus maridos non lles deixan. Para as mulleres viaxar é máis que viaxar. Non é un feito menor que no noso país, non hai tanto, as mulleres non tivesen liberdade de movementos e carecesen de pasaporte propio. Por que se nos prohibe viaxar? Terá que ver coa posibilidade —vedada ás mulleres— que brinda a viaxe de intercambiar coñecementos, ampliar horizontes e tomar decisións?

Este ano hemos tenido que adaptarnos, esforzarnos, resignarnos y encontrar la energía para seguir adelante en un mundo de repente marcado por el miedo, la falta de contacto y la restricción de movimientos. Justo lo contrario a lo que el Camino representa. Pero la vida es cambio continuo y somos capaces de enfrentar situaciones adversas y descubrir nuestra propia fortaleza. Así lo destaca Aoife, una de las mujeres que cuenta su historia en este libro: “cuando nos fuimos de viaje todos los días eran diferentes, estuvimos en países tan distintos, conocimos muy buena gente... Ahora siempre tengo ganas de viajar.” Y así es el Camino, en donde cada día es distinto. El estudiantado que acompañó Tomoko desde Japón sabe qué significa que el mundo se haga pedazos: lo vivieron en sus casas, dentro de sus familias durante el horror que asoló su país después del tsunami, un dolor que el Camino les ha ayudado a superar. Y en diferentes formas y grados, todas las mujeres que cuentan sus vivencias en este libro han encontrado en el viaje la calma para recomenzar. Yo misma crucé el Atlántico por primera vez huyendo del dolor de los años de acoso de mi adolescencia. Viajar es abrir una nueva puerta. El Camino, como dice Ximena, es “una potencia transformadora en la que paso a paso, kilómetro a kilómetro, se trascienden las dificultades, aprendiendo a compartir con desconocidos y confiando en la vida y en lo que el Camino ha traído como aprendizaje.”

Imaginemos cómo habrá sido para las viajeras de hace siglos. Aquellas valientes mujeres que preparaban a la vez maletas y testamentos, se despedían de los suyos —quienes a veces les torcían el gesto en señal de desaprobación— y se echaban al camino ignorando el mandato genérico y sin saber cómo llegar ni qué senderos seguir —como descubrió Edith Wharton años después— pero confiando firmemente en su instinto y determinación. Y en sus ansias de libertad. ¿Acaso no es eso viajar? Ximena nos cuenta que una viaja para dejar de cuidar a otros y dedicarse tiempo a una misma. Seguramente esto era aún más cierto para estas aventureras mujeres medievales para quienes la peregrinación era un argumento poderoso al que aferrarse en busca de una vida propia, fuera de las rígidias convenciones sociales.

Tomoko nos cuenta que muchas mujeres aún hoy en día no hacen el Camino porque sus maridos no les dejan. Para las mujeres viajar es más que viajar. No es un hecho menor que en nuestro país, no hace tanto, las mujeres no tuvieran libertad de movimientos y carecieran de pasaporte propio. ¿Por qué se nos prohibe viajar? ¿Tendrá que ver con la posibilidad —vedada a las mujeres— que brinda el viaje de intercambiar conocimientos, ampliar horizontes y tomar decisiones?

This year we’ve had to adapt, conform, make an effort, resign, find the energy to go on in a world suddenly marked by fear, the lack of contact and the restriction of movement. The exact opposite of what the Way represents. But life is continuous change and we are capable of facing adverse situations and discovering our own strengths. This is highlighted by Aoife, one of the women that tells her story in this book: “When we left on the trip, everyday was different, we were in such different countries, we met such good people... Now I always want to travel.” That is what the Way is like, every day is different. The students that accompanied Tomoko from Japan, know what it means to have their world fall apart, they lived it in their homes, in their families during the horror that battered their country after the Tsunami, a pain that the Way has helped them to overcome. In different ways and degrees, all the women that tell their stories in this book have found their peace on the trip to be able to start over. I myself crossed the Atlantic for the first time running from the pain of years of harassment in my teenage years. Traveling is opening a new door. The Way, as Ximena says, is “a transformative power for me, during which, step by step, kilometer by kilometer, I’ve overcome difficulties by learning to share with strangers and trusting in life and what the Way has brought me as lessons.

Let’s imagine what it must have been like for women travellers three or four centuries ago. Those brave women that prepared their bags along with their wills, said goodbye to their loved ones -who sometimes answered with a gesture of disapproval- and they took to the Way, despite the constant judgement for abandoning their domestic mandate, without knowing which way to go, without paths to follow -as a surprised Edith Wharton tells us- but trusting firmly in their instincts and determination. Also in their longing for freedom. Isn’t that what travel is? Ximena tells us that one travels to stop caring for others and dedicate time to oneself. Surely this was even more true for these adventurous medieval women for whom the pilgrimage was a power argument to uphold while searching for their own lives, outside rigid social convention.

Tomoko tells us that many women even today do not do the Way because their husbands won’t let them. For women traveling is more than traveling. It is not a minor detail that in our country, not so long ago, women were not free to travel and did not have their own passports. Why are we forbidden to travel? Could it have to do with the possibility -vetted for women- that travel affords to exchange knowledge, broaden horizons and make decisions?

Para Alba está claro que o feito de ser muller condiciona a viaxe, pois nesta sociedade non é o mesmo que unha persoa identificada como muller viaxe soa, a que o faga unha persoa recoñecida como home. E por iso, para loitar contra os prexuízos e os discursos do medo que buscan coartar os nosos desexos, é, nas súas palabras, “imprescindible darnos a opción de lanzarnos á viaxe e seguir abrindo camiños para que as mulleres poidamos viaxar soas en espazos seguros”. Temos que encher os camiños das nosas pisadas; as prazas, dos nosos risos; os cafés, das nosas miradas.

Porque as mulleres viaxamos. Moito. Desde sempre. Soas, con amigas, coas crianzas, de novas, de vellas... Ao longo da historia temos numerosos exemplos de mulleres que deixaron atrás temores e convencionalismos e se botaron a andar. Subiron a burros, a barcos, a trens e tamén a avións, que mesmo pilotaron. Somos máis intrépidas do que sabemos e imaxinamos. Móvennos o pracer, a paixón, a valentía, a aventura, a espiritualidade... aínda que non saibamos practicamente nada dos nomes e dos camiños das viaxeiras que nos precederon.

O libro *O CAMIÑO DAS MULLERES* ten como obxectivo principal a recollida e a posta en valor da experiencia

de viaxe e de peregrinación feita por mulleres, así como a promoción do Camiño de Santiago desde o seu lado máis humano, sostible e transformador. Para iso o libro estrutúrase en dúas partes diferenciadas. A primeira componse dunha investigación sobre os variados —aínda que escasos— traballos acerca da presenza das mulleres no Camiño de Santiago, rescatando as historias das pioneiras que, a través dos séculos, abriron camiño coas súas experiencias vitais viaxeiras e constituíndo verdadeiros referentes para as actuais e futuras xeracións.

Na segunda parte, o libro dalles voz ás protagonistas, ás mulleres peregrinas, a través das historias de cinco mulleres —Alba, Isabel, Ximena, Aoife e Tomoko— con distintas orixes, idades, expectativas e experiencias vitais, que xenerosamente se prestaron a colaborar neste proxecto contándonos a súa vivencia do Camiño de Santiago. Este traballo cualitativo desenvolveuse a través de entrevistas abertas e en profundidade realizadas en liña, a partir das cales elaboramos un relato en primeira persoa que toma achegas das metodoloxías das producións narrativas —que buscan rachar a distancia entre investigadora e investigada—, e recupera as historias de vida como unha valiosa ferramenta de coñecemento.

Para Alba está claro que el hecho de ser mujer condiciona el viaje, pues en esta sociedad no es lo mismo que una persona identificada como mujer viaje sola, a que lo haga una persona reconocida como hombre. Y por eso, para luchar contra los prejuicios y los discursos del miedo que buscan coartar nuestros deseos, es, en sus palabras, “imprescindible darnos la opción de lanzarnos al viaje y seguir abriendo caminos para que las mujeres podamos viajar solas en espacios seguros.” Tenemos que llenar los caminos de nuestras pisadas, las plazas de nuestras risas, los cafés de nuestras miradas.

Porque las mujeres viajamos. Mucho. Desde siempre. Solas, con amigas, con los hijos y las hijas, de jovencitas, de viejas... A lo largo de la Historia tenemos numerosos ejemplos de mujeres que dejaron atrás temores y convencionalismos y se echaron a andar, subieron a burros, barcos, trenes y también aviones que incluso pilotaron. Somos más intrépidas de lo que sabemos e imajinamos. Nos mueven el placer, la pasión, la valentía, la aventura, la espiritualidad... aunque no sepamos prácticamente nada de los nombres y caminos de las viajeras que nos precedieron.

El libro *O CAMIÑO DAS MULLERES* tiene como objetivo principal la recogida y puesta en valor de la experiencia de viaje y de peregrinación hecha por mujeres, así como la promoción del Camino de Santiago desde su lado más humano, sostenible y transformador. Con este fin el libro se estructura en dos partes diferenciadas. La primera se compone de una investigación sobre los variados —aunque todavía escasos— trabajos acerca de la presencia de las mujeres en el Camino de Santiago, rescatando las historias de las pioneras que a través de los siglos abrieron camino con sus experiencias vitales viajeras, constituyendo verdaderos referentes para las actuales y futuras generaciones.

En la segunda parte, el libro da voz a las protagonistas, a las mujeres peregrinas, a través de las historias de cinco mujeres —Alba, Isabel, Ximena, Aoife y Tomoko— con distintos orígenes, edades, expectativas y experiencias vitales, que generosamente se han prestado a colaborar en este proyecto contándonos su vivencia del Camino de Santiago. Este trabajo cualitativo se desarrolló a través de entrevistas abiertas y en profundidad realizadas en forma online, a partir de las cuales elaboramos un relato en primera persona que toma aportes de las metodologías de las producciones narrativas —que buscan romper la distancia entre investigadora e investigada—, y recupera las historias de vida como una valiosa herramienta de conocimiento.

Alba tells us that it is clear to her that being a woman conditions travel, because in this society it is not the same that a person that identifies as a woman travels alone, as when a person that is recognized as a man does. This is why, to fight against prejudice and the discourse of fear that seeks to limit our desires, it is, in her words, “imperative to give ourselves the option to throw ourselves into adventure and continue to open paths so that women can travel alone in safe spaces”. We have to fill the ways with our footsteps, plazas with our laughter, cafés with our looks.

Because women travel. A lot. Since forever. Alone, with friends, with sons and daughters, when we are young, when we are old... Throughout history we have numerous examples of women who left behind their fears and conventionality to hit the roads, they got on donkeys, ships, trains and also planes that they’ve even flown. we are moved by pleasure, passion, bravery, adventure, spirituality... although we don’t know practically anything about the names and the routes of the women that came before us.

The book *THE WOMEN’S WAY* has as a main objective the gathering and valuation of travel as an experience and women’s pilgrimages, as well as promoting St. James’ Way from its more human, sustainable and transformative angle. To this end, the book is structured in two differentiated parts. The first is an investigation on the variables -although still sparse- works about the presence of women on St. James’ Way, bringing back to life the stories of forgotten women that over centuries opened doors with their first hand experience as travellers, breaking down stereotypes and mandates, and establishing real references for current and future generations.

The second part of the book gives its voice to the protagonists, the women pilgrims, through the story of five women -Alba, Isabel, Ximena, Aoife and Tomoko- from different origins, ages, expectations and life experiences, who generously have collaborated in this project telling us of their reality on St. James Way. This qualitative work developed through open interviews and deepened with online interviews, from which we elaborated a first person narration -that seeks to eliminate the distance between the researcher and the researched-, and revalue life stories as valuable tools for knowledge.

Aínda que non foi posible gravar as protagonistas, fotografalas *in situ* nin preparar as pequenas curtas documentais pensadas orixinalmente debido á crise sanitaria —posto que nin sequera foi doado fotografar *a alma do Camiño* nun ano no que apenas houbo xente polos carreiros— non nos resignamos a non levar adiante unha segunda parte na que poidamos incluír, por fin, a exposición protagonizada por artistas e artesás galegas así como polas historias narradas en imaxes polas súas protagonistas.

O CAMIÑO DAS MULLERES é, polo tanto, un proxecto orixinal e pioneiro, adecuado especialmente aos tempos actuais nos que en todo o mundo se está a producir unha posta en valor das achegas das mulleres e a reivindicación da súa autonomía.

Como di Isabel, o Camiño “é unha oportunidade para reencontrarse cunha mesma e reconectar coa natureza (...) e descubrir que temos un sexto sentido para comunicarnos co bosque, coas fadas, coas árbores. É pura maxia.” Unha conexión con todo o pequeno e próximo, como di Aoife. No meu caso tamén houbo maxia. Un deses días que desde a xanela do meu confinamento ollaba estrañada o radiante azul do

ceo —tan pouco habitual na miña cidade, Santiago de Compostela—, descubrín, ao baixar os ollos, que sobre as flores que empezaban a abrirse á primavera flotaba un bule-bule de atarefadas abellas. Abellas! Había anos que non vía tantas no xardín! O meu corazón pegou un brinco de felicidade. A falta de avións, de coches e de ruidos humanos deixara vía libre aos pequenos habitantes a quen acotío invadimos e roubamos alimento e espazo. A vida, entón, poboouse de murmurios, de trinos, do bater de ás de bolboretas e de formigas traballadoras... Agora que a nova normalidade nos fixo estrañar e recuperar a conexión coa natureza, agardo que aprendamos a non asoballala novamente, como tampouco deben asoballar o territorio as cada vez máis numerosas persoas que saen de viaxe ou peregrinación. O respecto, como di Ximena, ao final, é o máis importante.

Espero que vós, persoas lectoras, gocedes como eu o fixen na compañía das mulleres increíbles que protagonizan este libro, que viaxedes coas súas historias, malia as restricións e as incertezas actuais, e abrades as vosas ás para voar cara a fóra en liberdade e cara a dentro até o corazón.

Sabela Losada Cortizas, Santiago de Compostela, novembro de 2020.

Si bien no fue posible grabar a las protagonistas, fotografiarlas *in situ* ni preparar los pequeños cortos documentales pensados originalmente debido a la crisis sanitaria, —puesto que ni siquiera fue fácil fotografiar *el alma del Camino* en un año en el que apenas hubo gente por los senderos— no nos resignamos a no llevar adelante una segunda parte en la que podamos incluir, por fin, la exposición protagonizada por artistas y artesanas gallegas así como por las historias narradas en imágenes por sus protagonistas.

O CAMIÑO DAS MULLERES es por tanto un proyecto original y pionero, adecuado especialmente a los tiempos actuales en los que en todo el mundo se produce una puesta en valor de las aportaciones de las mujeres y la reivindicación de su autonomía.

Como dice Isabel, el Camino “es una oportunidad para reencontrarse con una misma y reconectar con la naturaleza (...) y descubrir que tenemos un sexto sentido para comunicarnos con el bosque, con las hadas, los árboles. Es pura magia.” Una conexión con todo lo pequeño y cercano, como dice Aoife. En mi caso también hubo magia. Uno de los días que desde la ventana de mi confinamiento miraba estrañada el radiante azul del cielo —tan poco habitual en mi ciudad, Santiago de Compostela— descubrí al bajar los ojos que sobre las flores que empezaban a abrirse a la primavera flotaba un bullicioso manto de atareadas abejas. ¡Abejas! ¡Hacia años que no veía tantas en el jardín! Mi corazón pegó un brinco de felicidad. La falta de aviones, coches y ruidos humanos había dejado vía libre a los pequeños habitantes a quienes cotidianamente hemos invadido y robado alimento y espacio. La vida, entonces, se pobló de murmullos, trinos, aleteos de mariposas y hormigas hacendosas... Ahora que la nueva normalidad nos ha hecho añorar y recuperar la conexión con la naturaleza, espero que hayamos aprendido a no avasallarla nuevamente, como tampoco deben avasallar el territorio las cada vez más numerosas personas que salen a viajar. El respeto, como dice, Ximena, al final es lo más importante.

Espero que vosotras, personas lectoras, disfrutéis como yo lo he hecho en compañía de las mujeres increíbles que protagonizan este libro, que viajéis con sus historias a pesar de las restricciones e incertezas actuales, y abráis vuestras alas para volar hacia afuera en libertad y hacia adentro hasta el corazón.

Sabela Losada Cortizas, Santiago de Compostela, noviembre de 2020.

Although it was not possible to record the protagonists, photograph them *in situ* nor prepare the short documentaries we originally entertained due to the sanitary crisis, —given that it difficult to photograph the soul of the Way in a year when there were barely any people on it (Soledad Felloza, the careful and adventurous photographer of this book knows all too well)- we did not give up on carrying out a second part in which we could include, finally, the exposition of Galician artists and artisans (among them Ana Villegas, illustrator of this book) as well as the stories narrated in images by their protagonists.

THE WOMEN’S WAY is as such an original and pioneer project, tailor made for current times in which the whole world values women’s contributions and the revindication of their autonomy.

As Isabel tells us, the Way “is an opportunity to find ourselves again and reconnect to nature (...) and discover that we have a sixth sense to communicate with the forest, with fairies and trees. It’s pure magic”. A connection with all things small and near, as Aoife says. In my case there was also magic. During one of the days of confinement I looked amazed at the radiant blue sky - so unusual in my city, Santiago de Compostela- and I found as I looked down that over the flowers had begun to open to the Spring, floated a blanket of busy bees. Bees! I hadn’t seen this many in my garden in years! My heart leapt for joy. The lack of planes, cars and human noise had given free reign to these small inhabitants whose daily life we’ve invaded and robbed of food and space. Life, then, had been populated with murmurs, chirping, the flapping of butterflies and organized ants... Now that the new normality has made us long for and recover our connection to nature, I hope we have learned to not overwhelm it again, nor should the ever increasing number of pilgrims either. Respect, as Ximena says, in the end is the most important thing.

I hope that you, readers, enjoy as much as I have the company of these incredible women that protagonize this book, that you travel with your stories despite the current restrictions and uncertainties, and open your wings to fly out to freedom, and inwards to the heart.

Sabela Losada Cortizas, Santiago de Compostela, November, 2020.



Ir polo mundo coa mochila máis prezada, a da familia. Sentan e a fala cordobesa non se enmascara.

O Camiño de Santiago e as mulleres

Introdución

No ano 2018, por primeira vez desde que hai rexistros e probablemente en toda a historia, as mulleres foron maioría entre as persoas que se fixeron coa Compostela ao culminar o Camiño de Santiago, unha tendencia que se estaba facendo patente desde case unha década atrás e que foi confirmada ao ano seguinte, 2019, antes das restricións da pandemia. Non debería sorprendernos: as últimas décadas foron testemuña de como as mulleres adquirimos presenza en ámbitos absolutamente diversos, mesmo naqueles que tradicionalmente nos foron vetados con reticencia, desde os campos de fútbol ata a investigación científica, o activismo ou os premios literarios. Nos últimos anos, mulleres de todas as idades unímonos de forma visible e masiva nas rúas e nas redes sociais co obxectivo de denunciar as violencias machistas e de devolvernollos o protagonismo nas nosas propias vidas e nos asuntos colectivos, seguindo “*a idea radical de que as mulleres somos persoas*”, en palabras da escritora Marie Shear.

Estes procesos posibilitaron que as nosas voces se escoiten, os nosos corpos se nomeen, as nosas obras se mostren e os nosos intelectos fagan aflorar numerosos e potentes estudos e investigacións críticos coa maneira na que tradicionalmente —e de forma androcéntrica— se ten contado e deseñado todo o que coñecemos.

Este libro é parte deses procesos nos que as mulleres nos unimos para contar a nosa historia e, nesta ocasión, como en tantas outras, facémolo de forma colectiva, coa certeza de que a unión das nosas miradas sempre suma. Aposta-

mos por un modelo de investigación e de creación cultural que nos nutra e nos coide a cada unha de nós e ao mesmo tempo nutra e coide o traballo realizado. Promovemos o valor da diversidade, da escoita, do intercambio e do recoñecemento de cada achega mediante metodoloxías non xerárquicas que respecten a voz, as contribucións e a liberdade creativa de cada unha das participantes.

O resultado pódese comprobar na riqueza e na variedade dos enfoques que se recollen neste libro. Por unha banda, Soledad Felloza, como boa viaxeira, soubo superar as dificultades e os impedimentos da crise sanitaria para ofrecer a súa mirada detallista e calma, rebordante de amor infinito polos bosques galegos, en fotografías e textos cuxas paisaxes —á vez exuberantes e íntimas— convidan a entrar nun mundo fóra do tempo e do espazo. Doutra banda, Ana Villegas ofrece a súa exquisita e delicada pluma en ilustracións que condensan as emocións e as vicisitudes das mulleres viaxeiras no Camiño.

Finalmente, é de destacar a variedade de relatos que recolle este estudo. Malia a breve marxe de tempo dispoñible e as limitacións que se comentaron anteriormente, o proceso de creación deste libro foi fluído e lixeiro. Para a selección das mulleres entrevistadas non se realizou ningún casting nin se pediu asesoramento a institucións vinculadas co Camiño: bastaron un par de preguntas e o boca a boca. O resultado foi sorprendente. Tomoko, Alba, Isabel, Aoife e Ximena —as mulleres que xenerosamente e cheas de ilusión participaron neste libro— proceden de distintas partes do mundo, non se coñecen e —a pesar de recibiren practicamente as mesmas preguntas— ofreceron miradas moi distintas sobre a expe-

Introducción

En el año 2018, por primera vez desde que hay registros y probablemente en toda la historia, las mujeres fueron mayoría entre las personas que se hicieron con la Compostela al culminar el Camino de Santiago. Una tendencia que se estaba haciendo patente desde casi una década atrás y que fue confirmada al año siguiente, 2019, antes de las restricciones de la pandemia. No debería sorprendernos: las últimas décadas han sido testigo de cómo las mujeres hemos adquirido presencia en ámbitos absolutamente diversos, incluso en aquellos que tradicionalmente nos habían sido vetados con reticencia, desde los campos de fútbol hasta la investigación científica, el activismo o los premios literarios. En los últimos años mujeres de todas las edades nos hemos unido de forma visible y masiva en las calles y en las redes sociales con el objetivo de denunciar las violencias machistas y de devolvernollos el protagonismo en nuestras propias vidas y en los asuntos colectivos, siguiendo *la idea radical de que las mujeres somos personas* en palabras de la escritora Marie Shear.

Estos procesos han posibilitado que nuestras voces se escuchen, nuestros cuerpos se nombren, nuestras obras se muestren y nuestros intelectos hagan aflorar numerosos y potentes estudios e investigaciones críticos con la manera en la que tradicionalmente —y de forma androcéntrica— se ha contado y diseñado todo lo que conocemos.

Este libro es parte de esos procesos en los que las mujeres nos unimos para contar nuestra historia, y en esta ocasión, como en tantas otras, lo hacemos de forma colectiva, con la certeza de que la unión de nuestras miradas siempre suma. Apostamos por un modelo de investigación y creación cultural que nos nutra y nos cuide a cada una de nosotras y al mismo tiempo nutra y cuide el trabajo realizado. Promovemos el valor de la diversidad, de la escucha y del intercambio y el reconocimiento de cada aporte mediante metodologías no jerárquicas que respeten la voz, las contribuciones y la libertad creativa de cada una de las participantes.

El resultado se puede comprobar en la riqueza y variedad de enfoques que se recogen en este libro. Por un lado, Soledad Felloza, como buena viajera, ha sabido superar las dificultades e impedimentos consecuencia de la crisis sanitaria para ofrecer su mirada detallista y calma, rebosante de amor infinito por los bosques gallegos, en fotografías y textos cuyos paisajes —a la vez exuberantes e íntimos— invitan a adentrarse en un mundo fuera del tiempo y el espacio. Por otro lado, Ana Villegas ofrece su exquisita y delicada pluma en ilustraciones que condensan las emociones y vicisitudes de las mujeres viajeras en el Camino. Y finalmente, es de destacar la variedad de relatos que recoge este estudio. Pese al breve margen de tiempo disponible y las limitaciones que se comentaron anteriormente, el proceso de creación de este libro fue fluído y ligero. Para la selección de las mujeres entrevistadas no se realizó ningún casting ni se pidió asesoramiento a instituciones vinculadas con el Camino: bastaron un par de preguntas y el boca a boca. El resultado fue sorprendente. Tomoko, Alba, Isabel, Aoife y Ximena —las mujeres que generosamente y llenas de ilusión han participado en este libro— proceden de distintas partes del mundo, no se conocen y —pese a recibir prácticamente las mismas preguntas— han ofrecido miradas muy distintas

Introduction

In the year 2018, for the first time since there have been records and probably in all of history, women were the majority of the people who made it to Compostela upon completing St. James' Way. This tendency was growing starting almost a decade ago and was confirmed in 2019, before the pandemic restrictions. It should come as no surprise: these last decades have been witness to how women have become active in an absolute diversity of areas, even those that had been traditionally vetted with reticence, from soccer fields to scientific investigation, activism and literary prizes. In the last few years women of all ages have united visibly and massively in the streets and on social media to denounce the sexist violence of men and take back the protagonism of our own lives and collective issues, in line with *the radical idea that women are people* in the words of writer Marie Shear.

These processes have enabled our voices to be heard, our bodies to be named, our work to be shown and our intellects to bloom numerous, powerful studies and investigations critical of the way —the androcentric way— that all that we know has been told and designed.

This book is a part of these processes in which women unite to tell our story, and on this occasion, as with many others, we do it collectively, with the certainty that our united perspective always adds value. We're betting on an investigation and cultural creation model that nourishes us and takes care of each one of us and in turn nourishes and cares for the work we've done. We promote the value of diversity, of listening and exchange and the recognition of each contribution without hierarchical methodologies that respect the voice, contributions and creative freedom of every participant.

The result is present in the richness and variety of focuses that are gathered in this book. On the one hand, Soledad Felloza, as a great traveller, has been able to overcome difficulties and obstacles that have come as a consequence of the sanitary crisis to offer her detailed and calm perspective, overflowing with love for the Galician forests, in photographs and texts whose landscapes —at the same time exuberant and intimate— invite one into a world out of time and space.

On the other hand, Ana Villegas offers her delicately exquisite pen and ink illustrations that condense emotion and vicissitudes of the women that travel the Way.

Finally, it is notable to remark on the variety of stories this study gathers. Despite the brief margin of time available and the limitations that were mentioned previously, the creative process of this book was fluid and light. The selection of the interviewed women required no *casting* nor was counsel sought from institutions affiliated with the Way: it was enough to ask a few questions and word of mouth. The result was surprising. Tomoko, Alba, Isabel, Aoife and Ximena —the women who generously and hopefully participated in this book— come from different corners of the world and don't know each other and —despite receiving practically the same questions— have offered very different perspectives on the experience of walking St. James' Way, transmitting their

riencia do Camiño a Santiago, transmitindo con emoción e proximidade o seu amor pola viaxe, pola liberdade que supón e pola revolución interna que provoca, poñendo o foco en cuestións moi diversas, todas interesantes e complementarias, ningunha convencional.

Como tampouco son convencionais as mulleres que se citan nesta primeira parte do libro, na que nos deteremos primeiro para reflexionar sobre a experiencia da viaxe das mulleres, asomaremos á valentía e ás tribulacións das pioneiras que ao longo dos séculos peregrinaron a Santiago, e, para terminar, reivindicaremos o dereito das mulleres a ocupar todos os espazos e a desprazarnos polo mundo coa tranquilidade e a seguridade que merecemos.

As mulleres e as viaxes

Como destaca a escritora e viaxeira Patricia Almarcegui no seu libro *Os mitos da viaxe*: “ao longo da historia, a muller apenas puido viaxar. Non contou coa liberdade económica nin de movemento nin de elección para facelo”¹. A viaxe, do mesmo xeito que o espazo público e a toma de decisións políticas e económicas, foi un privilexio reservado aos homes. Aínda que hoxe nos resulte sorprendente, non temos que ir moi atrás no tempo para constatar as dificultades que as mulleres tivemos para movernos de forma independente. As nosas nais e avoas tiveron que esperar á aprobación da Constitución de 1978 para deixar de ser consideradas incapaces. Lembremos que ata entón —pola regresión que supuxo a ditadura— as mulleres

¹ Almarcegui, Patricia, 2019, p. 255.

debían pedir permiso ao seu pai ou ao seu marido (dependendo de se eran solteiras ou casadas) para traballar, abrir unha conta corrente, cobrar un salario, obter o DNI, sacar o carné de conducir e facer o pasaporte. Historicamente, como veremos máis adiante, as mulleres só podían desprazarse para peregrinar e para acompañar os seus maridos. É esta unha cuestión trivial? Rotundamente, non. Que implica que as mulleres teñamos vetada a experiencia da viaxe? Non é doado definir todo o que engloba viaxar. Todas as mulleres que participaron neste libro coinciden en describir a viaxe como unha experiencia poderosa, transformadora, que marcou un antes e un despois nas súas vidas ata o punto de que, por exemplo, case todas volveron ao Camiño en varias ocasións. En palabras de Ximena: “a viaxe —desde o mesmo momento en que tomas a decisión de levala adiante— é unha procura que te conecta co máis íntimo, coa túa espiritualidade, e permíteche á vez conectar cos outros dunha maneira máis libre, sen importar de onde vés, só as vivencias que compartes no presente.”

“A vida é un camiño”, di Isabel, e non existe alegoría máis poderosa que a da viaxe, como sinala a xornalista nómada Juliana González-Rivera no seu ensaio *A invención da viaxe*². A vida é movemento, inquietude, desafío, aprendizaxe. Vivir é unha gran viaxe, pero din que tamén a morte o é. A viaxe é transformación, é a orixe da existencia, é descubrir e experimentar por unha/un mesma/o, é o motor da humanidade. A viaxe é sobre todo procura, mudanza, liberdade. É coñecemento, é benestar, é elección, é independencia. En palabras de González-Rivera, a viaxe é “a gran metáfora.”³ Prohibíndonos viaxar, ás mulleres prohibíase nos existir.

² González-Rivera, Juliana, 2019, p. 17 e ss.

³ - *Ibidem*

sobre la experiencia del Camino a Santiago, transmitiendo con emoción y cercanía su amor por el viaje, por la libertad que conlleva y por la revolución interna que provoca, poniendo el foco en cuestiones muy diversas, todas interesantes y complementarias. Ninguna convencional.

Como tampoco son convencionales las mujeres que se citan en esta primera parte del libro, en la que nos detenemos primeramente a reflexionar sobre la experiencia del viaje para las mujeres, nos adentramos en la valentía y las tribulaciones de las pioneras que a lo largo de los siglos han peregrinado a Santiago, y, para terminar, reivindicamos el derecho de las mujeres a ocupar todos los espacios y a desplazarnos por el mundo con la tranquilidad y seguridad que merecemos.

Las mujeres y los viajes

Como destaca la escritora y viajera Patricia Almarcegui en su libro *Los mitos del viaje* “a lo largo de la historia, la mujer apenas ha podido viajar. No ha contado con la libertad económica ni de movimiento ni de elección para hacerlo” . El viaje, al igual que el espacio público y la toma de decisiones políticas y económicas, ha sido un privilegio reservado a los varones. Aunque hoy nos resulte sorprendente, no tenemos que irnos muy atrás en el tiempo para constatar las dificultades que las mujeres hemos tenido para movernos de forma independiente. Nuestras madres y abuelas tuvieron que esperar a la aprobación de la Constitución de 1978 para empezar a dejar de ser consideradas incapaces. Recordemos que hasta entonces —por la regresión que supuso la dictadura— las mujeres debían pedir permiso a su padre o a su marido (dependiendo de si eran solteras o casadas) para poder trabajar, abrir una cuenta corriente, cobrar un salario, obtener el DNI, sacar el carnet de conducir y hacerse el pasaporte. Históricamente, como veremos más adelante, las mujeres solo podían desplazarse para peregrinar y para acompañar a sus maridos.

¿Es esta una cuestión trivial? Rotundamente, no. ¿Qué implica que a las mujeres se nos haya vetado la experiencia del viaje? No es fácil definir todo lo que engloba viajar. Todas las mujeres que han participado en este libro coinciden en describir el viaje como una experiencia poderosa, transformadora, que ha marcado un antes y un después en sus vidas hasta el punto que, por ejemplo, casi todas han vuelto al Camino en varias ocasiones. En palabras de Ximena “el viaje —desde el mismo momento en que tomas la decisión de llevarlo adelante— es una búsqueda que te conecta con lo más íntimo, con tu espiritualidad, y te permite a la vez conectar con los otros de una manera más libre, sin importar de dónde vienes, sólo las vivencias que compartes en el presente”.

“La vida es un camino” dice Isabel, y es que no existe alegoría más poderosa que la del viaje, como señala la periodista nómada Juliana González-Rivera en su ensayo *La invención del viaje* . La vida es movimiento, inquietud, desafío, aprendizaje. Vivir es un gran viaje, pero dicen que un viaje es también la muerte. El viaje es transformación, es origen de la existencia, es descubrir y experimentar por una/o misma/o, es el motor de la humanidad. El viaje es sobre todo búsqueda, cambio, libertad. Es conocimiento, es bienestar, es elección, es independencia. En palabras de González—Rivera, el viaje es “la gran metáfora”. Prohibiéndonos viajar, a las mujeres se nos prohibía existir.

love of travel with emotion and familiarity, for the freedom it brings and the internal revolution it provokes, putting the focus on diverse issues, all interesting and complementary. Not one at all conventional.

Neither are the women quoted at the beginning of this book conventional. We stop to reflect upon the experience of travel for women to begin with, we dive into bravery and the tribulations of the pioneers who throughout centuries have done the pilgrimage to Santiago and to finish, revindicate the right women have to occupy all spaces and to move freely through the world in deserved safety and tranquility.

Women and travel

As the writer and traveller Patricia Almarcegui highlights in her book *Travel Myths* “Throughout history, women have barely been able to travel. They haven’t had economic freedom nor liberty to move or the choice to create either of them.” . Travel, as well as public space and the making of political and economic decisions has been a privilege reserved for men. Although it seems surprising, we don’t have to go much further back in time to verify the difficulties that women have had to endure to gain independence. Our mothers and grandmothers had to wait for the approval of the Constitution in 1978 to begin to be considered as something other than incapable. Let’s remember that until then —due to the regression that the dictatorship caused— women had to obtain permission from their father or husband (depending on whether they were married or single) to be able to work, open a bank account, earn a salary, get identification, get a driver’s license and a passport. Historically, as we will see further along, women could only move around to do pilgrimages and to accompany their husbands.

Is this a trivial issue? Emphatically, no. What are the implications of women having their travel vetted? It is not simple to encompass everything that travel represents. All the women that participated in this book coincide that describing travel as powerful, transformative, that it’s a before and after in their lives to the point that, for example, almost all of them have returned to the Way on several occasions. In Ximena’s words “travel —from the moment that you make the decision to do it— is a quest that connects with the most intimate parts of the self, with spirituality, and allows you to connect with yourself and others in a more liberal way, no matter where you come from, just the experiences you share in the present”.

“Life is a Way” says Isabel, and it’s that there is no more powerful allegory than that of travel, as the nomadic journalist Juliana González-Rivera points out in her essay *The Invention of Travel* Life is movement, restlessness, challenge, learning. Living is a great journey, but they say that death is also a trip . Travel is transformation, it’s the origin of existence, it’s discovering and experimenting for oneself, it’s the motor driving humanity. Travel is above all quest, change, freedom. It’s knowledge, wellbeing, choice, independence. In the words of Gonzalez-Rivera, travel is “the great metaphor” . By prohibiting women from travelling, women were not allowed to exist.

Patricia Almarcegui cita a Frei Luís de León, quen n’ *A perfecta casada* establece que, “como os homes son para o público, así as mulleres para o encerramento,” para mostrar que a vida das mulleres foi exactamente o contrario á viaxe: limitadas ao fogar e sinaladas, se se “*perdían*” nas súas saídas diarias para realizar as súas obrigadas tarefas no lavadoiro, a fonte ou o horto; enclaustradas, se ousaban aspirar a concretar os seus soños; obxectos, pero nunca suxeitas; as vidas femininas eran o oposto á “toma de decisións e quefacer constante”⁴ que, segundo a escritora, define a viaxe. As figuras de Ulises e de Penélope son símbolos inequívocos do papel reservado socialmente a cada sexo.

A viaxe é unha revolución que afecta a varias dimensións. Da íntima ou espiritual, a peregrinación é o mellor exemplo. Como sinala Cristina Morató no seu coñecido libro *Viaxeiras intrépidas e aventureiras*, a mesma palabra evoca unha viaxe interior, longa e solitaria, pois “peregrino non é só aquel que visita por devoción os lugares sacros para conseguir a súa salvación, é tamén o que emprende unha viaxe a terras remotas e estrañas para coñecerse a si mesmo.”⁵ Con ela coinciden a maioría das protagonistas deste libro, que poñen en palabras ese marchar lonxe para sentirse preto. Como Ximena, que define a viaxe como a oportunidade de estar cunha mesma e cóntanos que atopou “moitas mulleres soas e historias moi profundas” pois “ninguén estaba alí camiñando porque si.” Ou Tomoko, a quen a viaxe “fíxome lembrar como era a miña verdadeira eu” e chega a expresar que o Camiño lle salvou a vida. Estes pareceres están en consonancia coas estatísticas do *Plan Estratéxico do Xacobeo 2021*, que recolle que,

4 - Almarcegui, Patricia, 2019, p. 255-256.

5 - Morató, Cristina, 2001, p. 35.

para o 42,72% das mulleres peregrinas enquisadas, a principal motivación para realizar o Camiño foi espiritual, máis de cinco puntos porcentuais por encima do valor respectivo aos homes⁶. Sen dúbida, este feito é unha mostra do particular vínculo que une as mulleres co Camiño desde hai séculos.

Outra das dimensións fundamentais da viaxe é a que se refire á relación co outro ou coa outra. Respecto diso, Juliana González-Rivera cita a Montaigne, quen nos seus *Ensaíos* recomenda “a visita a países estranxeiros, non só para aprender as tendencias e os costumes desas nacións, senón para rozar e limar o noso cerebro contra os outros”⁷. Aínda que a inmersión non é a mesma —como tampouco a experiencia espiritual— dependendo de se a viaxe é en solitario ou en grupo, viaxar abre a mente, amplía horizontes e derruba prexuízos. A alteridade envólvese en todo tipo de emocións, ás veces contraditorias: desde o temor á fascinación, de sentir apoio a sentirse invadido/a, e provoca que algo dunha se vaia co outro/a e algo do/a outro/a quede nunha para sempre. Xa non existe unha soa verdade, as fronteiras vólvense borrosas: quen viaxa queda comprometido cos avatares das persoas dos lugares que coñeceu. As nosas viaxeiras protagonistas reservaron un lugar especial nos seus relatos ao significado do encontro e do cotián con persoas descoñecidas que camiñan canda elas, así como aos e as habitantes dos lugares que coñeceron na súa travesía. Aoife cóntanos que a decisión de seguir Camiños pouco frecuentados permitiulles “atopar o que chaman a alma do Camiño: persoas tan xenerosas e amables que nunca vou

6 - Xunta de Galicia, 2020, p. 80.

7 - González-Rivera, Juliana, 2019, p. 22

Patricia Almarcegui cita a Fray Luís de León, quien en *La perfecta casada* establece que “como los hombres son para lo público, así las mujeres para el encerramiento”, para mostrar que la vida de las mujeres ha sido exactamente lo contrario al viaje: limitadas al hogar y señaladas si se *perdían* en sus salidas diarias para realizar sus obligadas tareas en el lavadero, la fuente o el huerto; enclaustradas si osaban aspirar a concretar sus sueños; objetos pero nunca sujetas; las vidas femeninas eran lo opuesto a la “toma de decisiones y quehacer constante” que según la escritora define el viaje. Las figuras de Ulises y Penélope son símbolos inequívocos del papel reservado socialmente a cada sexo.

El viaje es una revolución que afecta a varias dimensiones. De la íntima o espiritual, la peregrinación es el mejor ejemplo. Como señala Cristina Morató en su conocido libro *Viajeras intrépidas y aventureras* la misma palabra evoca un viaje interior, largo y solitario pues “peregrino no es sólo aquel que visita por devoción los lugares sagrados para conseguir su salvación, es también el que emprende un viaje a tierras remotas y estrañas para conocerse a sí mismo”. Con ella coinciden la mayoría de las protagonistas de este libro, quienes ponen en palabras ese marcharse lejos para sentirse cerca. Como Ximena, que define el viaje como la oportunidad de estar con una misma y nos cuenta que encontró “muchas mujeres solas e historias muy profundas” pues “nadie estaba allí caminando porque sí”. O Tomoko nos dice que el viaje “me hizo recordar cómo era mi verdadera yo” y llega a expresar que el Camino le salvó la vida. Estos pareceres están en consonancia con las estadísticas del *Plan Estratégico del Xacobeo 2021* que recoge que para el 42,72% de las mujeres peregrinas encuestadas la principal motivación para realizar el Camino fue espiritual, más de cinco puntos porcentuales por encima del valor respectivo a los hombres. Sin duda, este hecho es una muestra del particular vínculo que une a las mujeres con el Camino desde hace siglos.

Otra de las dimensiones fundamentales del viaje es la que se refiere a la relación con el otro/la otra. Al respecto, Juliana González-Rivera cita a Montaigne, quien en sus *Ensayos* recomienda “la visita a países extranjeros, no sólo para aprender las tendencias y las costumbres de esas naciones sino para rozar y limar nuestro cerebro contra los otros”. Si bien la inmersión no es la misma —como tampoco la experiencia espiritual— dependiendo de si el viaje se realiza sola o en grupo, viajar abre la mente, amplía horizontes y derriba prejuicios. La alteridad se envuelve de todo tipo de emociones, a veces contradictorias: desde el temor a la fascinación, del sentir apoyo al sentirse invadido/a, y provoca que algo de una se vaya con el otro/a y algo del/a otro/a se quede en una para siempre. Ya no existe una sola verdad, las fronteras se vuelven borrosas: quien viaja queda comprometido con los avatares de las personas de los lugares que ha conocido. Nuestras viajeras protagonistas han reservado un lugar especial en sus relatos al significado del encuentro y a la cotidianidad con personas desconocidas que caminan al igual que ellas, así como a los y las habitantes de los lugares que han conocido en su travesía. Aoife nos cuenta que la decisión de seguir Caminos poco frecuentados les permitió “encontramos lo que llaman el alma del Camino: personas tan generosas y

Patricia Almarcegui quotes Fray Luís de León, who in *The perfect Wife* establishes that “as men are for the public, women are for confinement”, to show that women’s lives have been the exact opposite of travel: limited to the home and singled out if they *got lost* on their daily excursions to do their obligatory duties of washing, or to the fountain or the vegetable garden; locked away if they dared to aspire to making their dreams come true; objects but never subjects; feminine lives were the opposite to “making decisions and constant to dos” that according to the writer, define travel. The figures of Ulysees and Penelope are unequivocal symbols of the role designated to each sex.

Travel is a revolution that affects a number of dimensions. Of the intimate or spiritual, the pilgrimage is the best example. As Cristina Morató points out in her well known book *Intrepid and Adventurous Travellers* the same word evokes an inner journey, long and solitary because the “pilgrim is not just a visitor of sacred places devoted to achieving salvation, it is they who take on a trip to remote and strange lands to know themselves”. Most of the protagonists of this book coincide with her, and put into words that very same notion of going far to feel closer. Like Ximena, who defines travel as the opportunity to be with oneself and tells us that she found “many women on their own with profound stories” because “nobody was walking just because”. Or Tomoko who tells us that travel “reminded me of who my true self is” and goes on to tell how the Way saved her life. These sentiments concur with the statistics from the *Strategic Xacobeo Plan 2021* that gathers that for the 42.72% of female pilgrims surveyed, the main motivation to do the Way was spiritual, more than five percent points above the value in reference to men. Without a doubt, this fact shows a particular bond that has connected women with the Way for centuries.

Another fundamental dimension of travel is the one that refers to the relationship with the other. On this, Juliana González-Rivera quotes Montaigne, who in his *Essays* recommends “visiting foreign countries, not just to learn the customs and tendencies of these nations but to brush and polish our brains against theirs”. Although the immersion is not the same —as the spiritual experience cannot be either— depending on if the trip is carried out alone or in a group, travelling opens the mind, broadens horizons and topples prejudice. The otherness is wrapped in all sorts of emotions, sometimes contradictory: from fear to fascination, feeling support to feeling invaded, leaving something of you in the other and something of the other in you forever. There is no longer one truth, frontiers become blurred: those who travel remain committed to the avatars of the people from the places they have known. Our travel protagonists have reserved a special place in their tales for meaningful encounters and the everyday with people they didn’t know and found walking the same path as them, as well as the inhabitants of the places that they saw on their voyages. Aoife tells us that the decision to go along Ways less travelled allowed them to “find what we call the soul of the Way: people so generous and kind

esquecer na miña vida”. Ximena, quen ao lembrar a súa experiencia inevitablemente se volve sentir parte da comunidade de coidado que formou con outras persoas peregrinas, cóntanos que o Camiño significa “a posibilidade de volver confiar no que nos une como humanidade.”

Porque o Camiño é sinónimo de colaboración, de axuda mutua, daquilo que nos fai avanzar aos seres humanos. En palabras de Juliana González-Rivera: “a historia do desprazamento é a historia do mundo.”⁸ Esta definición achéganos a outra das dimensións da viaxe. Cantas veces nos ten pasado que regresamos dunha viaxe sentindo que a nosa mente aínda segue alí? De que maneiras podemos fragmentarnos a raíz do desprazamento espazo-temporal? Que efectos ten para o noso corpo e para a nosa mente? Isabel cóntanos que empezou a camiñar “para non pensar, para evadirme dos problemas. Camiñaba polo meu barrio e, co pasar dos días, funme notando cada vez máis forte.” Nesta época de restricións de mobilidade, o desprazamento na súa forma máis xenuína e sinxela —camiñar— recuperou o valor que esqueceramos que tiña. Despois dun día duro non hai como saír camiñar para despexar a mente e afrouxar tensións. Por que se esgotaron as bicicletas neste mundo pandémico? Os meses que precederon á morte do meu pai, a bicicleta foi para min unha compañeira inseparable para aliviar a dor. O idioma xaponés incorpora como concepto *os baños de bosque*: terapia consistente en camiñar baixo árbores antigas como as que poboan o Camiño de Santiago. Camiñar, pedalear, desprazarnos renóvanos, sálvanos. As nosas vidas sedentarias deron un chimpco cando, tras o confinamento,

nos foi permitido saír unhas horas ao día para movernos. Que se transforma no noso interior cando nos desprazamos, en especial nunha viaxe longa? Como a auga do río nunca é a mesma, as persoas que viaxan non son tampouco iguais cando regresan.

Outra das dimensións involucradas na viaxe é o tempo. As nosas viaxeiras fan referencia a el en varias ocasións e por distintos motivos. Non é igual viaxar polo Camiño como o fixo Alba aos doce anos que facelo como Isabel, a quen lle preguntaban continuamente antes de partir: “Moza, estás tola? Á túa idade...” Como tampouco é o mesmo realizar a viaxe nuns días ou tomalo con moito tempo, coa opción de parar varias noites, se apetece descansar ou percorrer unha cidade con calma. Ximena lamentase: “Non sei cando volverei ter tres meses só para camiñar.” Necesítase tempo para coñecer os recunchos e sentirse parte dun lugar.

Sen destino non hai viaxe, aínda que sexa múltiple ou sen rumbo fixo. O destino e o camiño que nos leva ata el é o primeiro propósito do desprazamento, aínda que este se vaia modificando a partir do que imos atopando. Viaxar cambia a nosa relación cos lugares. Cóntanolo Isabel que, “sendo de cidade de sempre, tiña terror a atoparme soa nun bosque” e, con todo, unha vez no Camiño, descóbrese “*extasiada* nos bosques profundos, atravesando os túneles de follas e ramas, escoitando tal variedade de cantos de paxaros, descubrindo os murmurios das árbores.” Para ela foi “un camiño real de apertura, á natureza, á miña fortaleza (...) como se chegase unha forza do pasado, que esqueceras que tiñas, e te recargase.”

8 - *Ibid.*, p. 20.

amables que nunca voy a olvidar en mi vida”. Ximena, quien al recordar su experiencia inevitablemente se vuelve a sentir parte de la comunidad de cuidado que formó con otros y otras peregrinas, nos cuenta que el Camino significa “la posibilidad de volver a confiar en lo que nos une como humanidad”.

Y es que el Camino es sinónimo de colaboración, de ayuda mutua, de aquello que nos hace avanzar a los seres humanos. En palabras de Juliana González—Rivera “la historia del desplazamiento es la historia del mundo” . Esta definición nos acerca a otras de las dimensiones del viaje. ¿Cuántas veces nos ha pasado que hemos regresado de un viaje sintiendo que nuestra mente aún seguía allí? ¿De qué maneras nos podemos fragmentar a raíz del desplazamiento espacio—temporal? ¿Qué efectos tiene para nuestro cuerpo y nuestra mente? Isabel nos cuenta que empezó a caminar “para no pensar, para evadirme de los problemas. Caminaba por mi barrio y con el pasar de los días me fui notando cada vez más fuerte”. En esta época de restricciones de movilidad, el desplazamiento en su forma más genuina y sencilla —caminar— ha recuperado el valor que habíamos olvidado que tenía. Después de un día duro no hay cómo salir a caminar para despejar la mente y aflojar tensiones. ¿Por qué se han agotado las bicicletas en este mundo pandémico? Los meses que precedieron a la muerte de mi padre la bicicleta fue para mí una compañera inseparable para aliviar el dolor. El idioma japonés incorpora como concepto *los baños de bosque*: terapia consistente en caminar bajo árboles añosos como los que pueblan el Camino de Santiago. Caminar, pedalear, desprazarnos nos renueva, nos salva. Nuestras vidas sedentarias han dado un vuelco cuando, tras el confinamiento, nos fue permitido salir unas horas al día para movernos. ¿Qué se transforma en nuestro interior cuando nos desprazamos, en especial en un viaje largo? Como el agua del río nunca es la misma, los/as viajeros/as no son tampoco iguales cuando regresan.

Otra de las dimensiones involucradas en el viaje es el tiempo. Nuestras viajeras hacen referencia a él en varias ocasiones y por distintos motivos. No es igual viajar por el Camino como lo hizo Alba a los doce años que hacerlo como Isabel, a quien le preguntaban continuamente antes de partir: “Chica, ¿estás loca? A tu edad...” Como tampoco es lo mismo realizar el viaje en unos días o tomárselo con mucho tiempo, con la opción de parar varias noches si apetece descansar o recorrer una ciudad con calma. Ximena se lamenta: “No sé cuando volveré a tener tres meses sólo para caminar.” Se necesita tiempo para conocer los rincones y llegar a sentirse parte de un lugar.

Sin destino no hay viaje, aunque sea múltiple o sin rumbo fijo. El destino y el camino que nos lleva hasta él es el primer propósito del desplazamiento, aunque este se vaya modificando a partir de lo que vamos encontrando. Viajar cambia nuestra relación con los lugares. Nos lo cuenta Isabel que, “siendo de ciudad de siempre, tenía terror a encontrarme sola en un bosque” y sin embargo una vez en el Camino se descubre “*extasiada* en los bosques profundos, atravesando los túneles de hojas y ramas, escuchando tal variedad de cantos de pájaros, descubriendo los susurros de los árboles”. Para ella fue “un camino real de apertura, a la naturaleza, a mi fortaleza (...) como si te llegase una fuerza del pasado, que has olvidado que tienes, y te recargase”.

that I will never forget them for the rest of my life”. Ximena, who when recalling her experience inevitably goes back to feeling part of the community of care that she created with other pilgrims, she tells us that the Way means “the opportunity to trust again in what unites us as a humanity”.

The Way is synonymous with collaboration, mutual support, that which makes us advance as human beings. In the words of Juliana González-Rivera “the history of travel is the history of the world” . This definition brings us closer to other dimensions of travel. How many times have we gotten back from a trip to feel like our minds are still left there? In which ways can we fragment due to space-time displacement? What effects does it have on our body and our mind? Isabel tells us that she began walking “to not think, to evade my problems. I walked through my neighbourhood and as the days passed I realized I was getting stronger”. During this time of restrictions on travel freedom, getting around in its most genuine and simple way —walking— has recovered the value we had forgotten it had. After a long hard day there is nothing quite like a walk to clear the mind and relax tension. Why have bicycles sold out in this pandemic world? The months that preceded the death of my father, my bicycle was an inseparable companion for me to alleviate my pain with. The Japanese language has incorporated a concept known as *forest bathing*: this therapy consists of walking under the canopy of old growth trees like those that line the Way to Santiago. Walking, pedalling, moving around renews us, saves us. Our sedentary lives turned around when after being confined, we were allowed to go out for a few hours a day to move around. What changes inside us when we go somewhere? Particularly on a long trip? Just as the water of a river is never the same, travellers aren’t the same when they come back either.

Another dimension involved in travel is time. Our travellers make reference to it on many occasions and for different reasons. It isn’t the same to travel the Way as Alba did at age twelve than to do it when Isabel did, who was continuously asked before leaving “Girl, are you crazy? At your age...?” Nor is it the same to travel for a few days or do it over a long period of time, being able to stop for a few nights if you feel like it or see a city in detail. Ximena states regretfully: “I don’t know when I’ll have three months just to walk again.” Time is necessary to get to know the nooks and crannies and feel part of a place.

Without a destination there is no trip, even if there is more than one destination or even if it doesn’t have a laid out path. Destiny and the path that takes us to it is the first purpose of movement, even if it is modified on the way as we find it. Travel changes our relationship to places. Isabel tells us that, “having always lived in a city, I was terrified of finding myself alone in a forest” and nonetheless once on the Way she found herself “*in ecstasy* in the deep forests, going through tunnels of leaves and branches, listening to the variety of songbirds, discovering the whisper of the trees”. For her it was “a true path of opening, to nature, to my strength (...) as if a strength from the past, that you’ve forgotten you have, comes back and recharges you”.



Edith vai polo mundo celebrando que a vida triunfa unha e outra vez, en cada lugar merca unha tea nova e fai un vestido para seguir a cruzar pontes.

Viaxar cambia o que sabemos dos lugares. A galaica Exeria emprendeu a finais do século IV unha longa e dificultosa viaxe a Oriente Próximo —que incluíu Xerusalén, Tebas, Constantinopla, o deserto do Sinaí e Alexandria— do que deixou constancia nun documento excepcional: un diario ou libro de viaxe —o primeiro da Península Ibérica— dirixido ás súas amigas e compañeiras, no que lles contaba con detalle as súas vivencias, aprendizaxes e opinións acerca dos lugares sacros que ía visitando, cunha linguaxe sinxela, directa e ata retranqueira. Exeria, que se definía como unha muller moi curiosa, partiu no ano 381 para comprobar por si mesma, ver cos seus propios ollos e tocar coas súas propias mans os lugares santos, e divulgar os coñecementos adquiridos, pero, sobre todo, falounos do pracer que producen a experiencia de viaxar e a de satisfacer inquietudes intelectuais. No lugar de limitar a súa imaxe á dunha muller movida polas súas profundas conviccións relixiosas —que tamén— (monxa ou santa chegóuselle a chamar) preferimos rescatar a súa ousadía, a súa capacidade de observación, a súa intención de reflectir fielmente o que vía (a diferenza das fantasías de Marco Polo, por exemplo) e o seu interese en se facer entender (representativo, en palabras de Manu Leguineche⁹, das obras das viaxeiras que chegarán moitos séculos despois, fronte aos grandilocuentes libros de viaxes de quen só busca realzar as súas fazañas e conquistas); mostrala como unha verdadeira aventureira “capaz de asumir comportamentos virís e de ocupar espazos masculinos ligados á ac-

9 - No prólogo de Morató, Cristina, 2001, p. 16.

ción e ao movemento, renunciando aos roles propios do seu xénero, tales como a reclusión doméstica ou a dedicación á familia. Parece entón que a auténtica aventura de Exeria foi desafiar as normas que regulaban a vida das mulleres da súa época cando emprendeu e concluíu a súa viaxe por Oriente, guiada polo afán de obter coñecemento.”¹⁰

Pois, segundo Cristina Morató, “para Exeria, como para outras moitas mulleres que coñeceremos en séculos posteriores, o fin da súa viaxe non só era rezar diante das reliquias que atopaba ao seu paso, senón aprender, edificarse a través do coñecemento directo da experiencia. A viaxe como escola de vida.”¹¹ Isto era algo tradicionalmente reservado aos homes e que escandalizou as autoridades relixiosas, que coartaron rapidamente, mesmo con violencia, esta incipiente liberdade feminina, exaltando os perigos que axexaban na viaxe á virtude das viaxeiras e magnificando as bondades da clausura.

A vida de Exeria —a quen ofrecen, como a Aoife, mazás da árbore para a viaxe— e as prohibicións que sufriron as mulleres a posteriori lévanos de novo á cuestión que deu inicio a este texto: por que se nos prohibiu viaxar ás mulleres? Porque quen viaxa explica o mundo. Relátanolo Juliana González-Rivera de forma clara e poética: “Se vostede non se moveu nunca da súa casa, alguén lle contará do mundo. Quen son os masai, que clima fai en Shanghai a mediados de abril, de que cor é o ceo do Cairo, cal é o almorzo preferido dos suecos, o fascinantes que son as montañas da baía

10 - Cid López, Rosa María, 2010, p. 29.

11 - Morató, Cristina, 2001, p. 41-42.

Viajar cambia lo que sabemos de los lugares. La galaica Egeria emprendió a finales del siglo IV un largo y dificultoso viaje a Oriente Próximo —que incluyó Jerusalén, Tebas, Constantinopla, el desierto del Sinaí y Alejandría— del que dejó constancia en un documento excepcional: un diario o libro de viaje —el primero de la Península Ibérica— dirigido a sus amigas y compañeras en las que contaba con detalle sus vivencias, aprendizajes y opiniones acerca de los lugares sagrados que iba visitando, con un lenguaje llano y directo y hasta con socarrona ironía. Egeria, que se definía a sí misma como una mujer muy curiosa, partió en el año 381 para comprobar por sí misma, ver con sus propios ojos y tocar con sus propias manos los lugares santos, y divulgar los conocimientos adquiridos, pero sobre todo nos habló del placer que producen la experiencia de viajar y la de satisfacer inquietudes intelectuales. En lugar de limitar su imagen a la de una mujer movida por sus profundas convicciones religiosas —que también— (monja o santa se le llegó a llamar) preferimos rescatar su osadía, su capacidad de observación, su intención de reflejar fielmente lo que veía (a diferencia de las fantasías de Marco Polo, por ejemplo) y su interés en hacerse entender (representativo, en palabras de Manu Leguineche , de las obras de las viajeras que llegarán muchos siglos después, frente a los grandilocuentes libros de viajes de quienes buscan realzar sus hazañas y conquistas). Mostrarla como una verdadera aventurera “capaz de asumir comportamientos viriles y de ocupar espacios masculinos ligados a la acción y el movimiento, renunciando a los roles propios de su género tales como la reclusión doméstica o la dedicación a la familia. Parece entonces que la auténtica aventura de Egeria fue desafiar las normas que regulaban la vida de las mujeres de su época cuando emprendió y concluyó su viaje en Oriente, guiada por el afán de obtener un conocimiento” .

Pues según Cristina Morató “para Egeria, como para otras muchas mujeres que conoceremos en siglos posteriores, el fin de su viaje no sólo era rezar ante las reliquias que encontraba a su paso, sino aprender, edificarse a través del conocimiento directo, de la experiencia. El viaje como escuela de vida” . Algo tradicionalmente reservado a los hombres y que escandalizó a las autoridades religiosas, que coartaron rápidamente, incluso con violencia, esta incipiente libertad femenina, exaltando los peligros que acechaban en el viaje para la virtud de las viajeras y magnificando las bondades de la clausura.

La vida de Egeria —a quien ofrecen, como a Aoife, manzanas recién recogidas del árbol para el viaje— y las prohibiciones que sufrieron las mujeres a posteriori nos lleva de nuevo a la cuestión que dio inicio a este texto: ¿por qué se nos ha prohibido viajar a las mujeres? Porque quienes viajan explican el mundo. Nos lo relata Juliana González-Rivera de forma clara y poética: “Si usted no se ha movido nunca de su casa, alguien le contará del mundo. Quiénes son los masái, qué clima hace en Shanghai a mediados de abril, de qué color es el cielo del Cairo, cuál es el desayuno preferido de los suecos, lo fasci-

Travel changes what we know about places. The Galician Egeria took on a long and difficult journey at the end of the fourth century to the Middle East —that included Jerusalem, Thebes, Constantinople, the Sinai Desert and Alexandria— of which she left an exceptional registry in a document: a diary or a travel log —the first from the Iberian Peninsula— addressing her friends and companions in great detail about her experiences, learning and opinions about the sacred places she visited, with direct and plain language and even sardonic irony. Egeria, who defines herself as a very curious woman, left in the year 381 to prove to herself, to see holy places with her own eyes, touch with her own hands, and divulge acquired knowledge, but above all, talked to us about the pleasure that the experience of travel produces and the satisfaction of intellectual queries. Rather than limit her image to that of a woman moved by her profound religious convictions —which she also was— (she was referred to as a nun or a saint) we’d rather showcase her bravery, her observational faculties, her intention to faithfully reflect what she saw (representative, in the words of Manu Leguineche , of the works of women travellers that would arrive many centuries later, faced with grandiloquent books about travels that sought to show their conquests and feats). Showing her as a true adventurer “capable of taking on viril behaviours and occupying masculine spaces dedicated to action and movement, renouncing the roles of her gender such as domestic reclusion or dedication to the family. It seems then that the real adventure Egeria had was to defy the norms that regulated the life of women in her time when she began and concluded her travels to the middle east, driven by the need to obtain knowledge” .

According to Cristina Morató, “for Egeria, as for many other women that we’ll meet in the centuries following, the purpose of her trip was not just to pray before relics that she found on the way, but to learn, edify herself through the direct knowledge of experience. Travel as a school of life” . This was traditionally reserved for the men and the religious authorities were scandalized, and quickly encroached upon, even with violence, this incipient female freedom, exaggerating the dangers that stalked women on the roads, affecting the women’s virtue and so magnifying the benefits of confinement.

Egeria’s life —that offers, like in the case of Aoife, apples freshly plucked from the tree for the journey— and the prohibitions that women suffered a posteriori, takes us again to the question that began this text: Why have women been prohibited to travel? Because those who travel explain the world. In the words of Juliana González Rivera, who tells us clearly and poetically: “If you have never left your house, someone will tell you about the world. Who the masai are, what the weather is like in Shanghai in the middle of April, the colour of the sky in Cairo, what the preferred breakfast of Swedes is, how fascinating the mountains in the Bay of

de Halong ao amencer e o enigmáticas que poden ser as nubes ás tres da tarde cando empeza a chover sobre os Andes. (...) Quen conta o mundo son os viaxeiros. Eles escribiron o mapa das cosmovisións de todas as épocas, os seus relatos fixeron imaxinar desertos, mundos xeados, imperios e terras prometidas. Eles son culpables, por exemplo, da idea que en Occidente temos da India, ese territorio tan real como mítico que imaxinamos así desde que un navegante grego, seis séculos antes de Cristo, escribiu sobre ela un relato poboado por grifóns, unicornios, seres dun só pé e dun só ollo.”¹²

Por iso, nas últimas décadas, á vez que as mulleres empezamos a viaxar de forma masiva, empezamos tamén a descubrir por nós mesmas o mundo, construíndo o noso propio relato e, ao acceder a un dos ámbitos máis vedados para nós —a produción científica—, puidemos visibilizar o papel das mulleres ao longo dos séculos e contar o que non contou a Historia.

O que a Historia non nos contou

Como deixou dito Simone de Beauvoir: “A representación do mundo, como o mesmo mundo, é obra dos homes; eles descríbeno desde o seu propio punto de vista, que confunden coa verdade absoluta”¹³. Aínda que sabemos que as mulleres fixeron grandes achegas ao mundo no que vivimos, concordamos con Simone de Beauvoir en que a representación deste faise desde o punto de vista masculi-

12 - González-Rivera, Juliana, 2019, p. 11-12.

13 - De Beauvoir, 1949/2005, p. 142.

no, dando por feito que a historia dos homes é a Historia da humanidade.

Cambiar a mirada implica unha profunda revisión de todo o coñecido. Aínda que habitualmente non se perciba como tal, unha das maiores violencias cara ás mulleres —tanto en cantidade como en virulencia— é a súa invisibilización. Que sabemos das mulleres que nos precederon? Por que non podemos nomear nin un feixe de científicas ou artistas? Por que o relativo á vida e á obra das mulleres ocupa apenas unha folla ao final de cada tema dos libros de texto de Historia? A revisión e a investigación histórica con perspectiva de xénero agasállanos descubrimentos sorprendentes. Así, atopamos que non todo foi como nos contaron, pois as mulleres estiveron presentes desde a Prehistoria nas cuestións fundamentais que permitiron a nosa supervivencia como especie. Foron pintoras, inventoras, coidadoras, capitás, fixeron despegar foguetes espaciais e desenvolveron o precursor do wifi, pilotaron avións e deseñaron o primeiro libro electrónico e tamén foron as persoas máis novas en percorrer o mundo. De feito, a Historia —e o planeta— estivo e segue estando cheo de mulleres aventureiras, e as historiadoras —fundamentalmente mulleres— están a revisar a tese de que as mulleres permaneceron eternamente confinadas na casa: nin as actividades domésticas foron tan pouco importantes como para seguir sen aparecer nos libros de texto nin as mulleres deixaron de ser cazadoras, exploradoras ou comerciantes, aínda que tivesen que loitar contra a imaxe negativa que se difundía ante as súas tentativas de independencia.

nantes que son las montañas de la bahía de Halong al amanecer y lo enigmáticas que pueden ser las nubes a las tres de la tarde cuando empieza a llover sobre los Andes. (...) Quienes cuentan el mundo son los viajeros. Ellos han escrito el mapa de las cosmovisiones de todas las épocas, sus relatos han hecho imaginar desiertos, mundos helados, imperios y tierras prometidas. Ellos son culpables, por ejemplo, de la idea que en Occidente tenemos de la India, ese territorio tan real como mítico que imaginamos así desde que un navegante griego, seis siglos antes de Cristo, escribió sobre ella un relato poblado por grifos, unicornios, seres de un solo pie y un solo ojo” .

Por eso en las ultimas décadas, al tiempo que las mujeres hemos empezado a viajar de forma masiva, hemos empezado también a descubrir por nosotras mismas el mundo, construyendo nuestro propio relato, y al acceder a uno de los ámbitos más vedados para nosotras —la producción científica— hemos podido visibilizar el papel de las mujeres a lo largo de los siglos y contar lo que no ha contado la Historia.

Lo que la Historia no nos ha contado

Como dejó dicho Simone de Beauvoir “La representación del mundo, como el mundo mismo, es operación de los hombres; ellos lo describen desde el punto de vista que les es propio, y que confunden con la verdad absoluta” . Si bien sabemos que las mujeres han hecho grandes aportaciones al mundo en el que vivimos, acordamos con Simone de Beauvoir en que la representación del mismo se hace desde el punto de vista masculino, dando por hecho que la historia de los hombres es la Historia de la humanidad.

Cambiar la mirada implica una profunda revisión de todo lo conocido. Aunque habitualmente no se perciba como tal, una de las mayores violencias hacia las mujeres —tanto en cantidad como en virulencia— es la invisibilización. ¿Qué sabemos de las mujeres que nos precedieron? ¿Por qué no podemos nombrar a más de un puñado de científicas o artistas? ¿Por qué lo relativo a la vida y obra de las mujeres ocupa apenas una carilla al final de cada tema de los libros de texto de historia? La revisión y la investigación histórica con perspectiva de género nos regala descubrimientos sorprendentes. Así, nos encontramos que no todo fue como nos habían contado pues las mujeres estuvieron presentes desde la Prehistoria en las cuestiones fundamentales que permitieron nuestra supervivencia como especie. Fueron pintoras, inventoras, cuidadoras, capitanas, hicieron despegar cohetes espaciales y desarrollaron el precursor del wifi, pilotaron aviones y diseñaron el primer libro electrónico y también fueron las personas más jóvenes en recorrer el mundo. De hecho, la Historia —y el planeta— estuvo y sigue estando lleno de mujeres aventureras, y las historiadoras —fundamentalmente mujeres— están revisando la tesis de que las mujeres permanecieron eternamente confinadas en casa: ni las actividades domésticas fueron tan poco importantes como para seguir sin aparecer en los libros de texto ni las mujeres dejaron de ser cazadoras, exploradoras o comerciantes, aunque tuvieran que luchar contra la imagen negativa que se difundía contra sus tentativas de independencia.

Halong are at dawn and how enigmatic clouds can be at three in the afternoon when it starts raining on the Andes. (...) Those who tell about the world are travelers. They’ve written the map of the cosmovision of every age, their stories have brought to the imagination deserts, frozen worlds, empires and promised lands. They are guilty, for example, of the erroneous ideas we in the West have about India, that territory as real as it is mythical, imagined as such since a greek sailor, six centuries before Christ, wrote a story about it populated with griffins, unicorns, beings with only one foot and one eye” .

That’s why, in these last decades, when women have started to travel in massive numbers, we’ve also begun to discover the world for ourselves, constructing our own narratives, and accessing one of the most vetted spheres for women — scientific production— we’ve been able to make visible the role of women throughout history and tell what history has not told.

What History has not told

As Simone de Beauvoir said “The representation of the world, as the world itself, is the operation of men; they describe it from a point of view that is theirs, and confuse it with the absolute truth” . Of course we know that women have made great contributions to the world that we live in, we agree with Simone de Beauvoir in that it’s representation is created from the masculine point of view, taking for granted that male history is humanity’s History.

Changing this viewpoint implies a profound revision of everything we know. Although it isn’t habitually perceived as such, one of the gravest violences towards women — in quantity as much as virulence— is invisibility. What do we know of women that came before us? Why can’t we name more than a handful of scientists or artists? Why does everything relative to the life and work of women occupy just barely a line at the end of each subject in history books? The revision and historic investigation with a gendered perspective gives us surprising discoveries. And so, we discover that not all was as it had been told to us because women have been present since Prehistory in fundamental issues that allowed our survival as a species. Women were painters, inventors, care givers, captains, made rockets take off into outer space and developed the precursors for wifi, piloted planes and designed the first electronic book and were also the youngest to travel around the world. In fact, History —and the planet— was and is still full of adventurous women, and the storytellers —fundamentally women— are reviewing the thesis that women remained forever confined to their homes: not even domestic tasks were unimportant enough to constitute absent from text books, nor did women cease to be hunters, explorers or traders, though they had to fight against the negative image that was popularized to curtail their attempts at independence.

“Durante séculos, un puñado de mulleres, nin tan tolas nin tan excéntricas como nos fixeron crer algúns biógrafos, contribuíron coas súas viaxes ao coñecemento xeográfico e participaron en importantes acontecementos históricos. Ningún monumento, ningunha triste placa, lembra as súas fazañas e os seus nomes tampouco aparecen nos libros”, lamenta Cristina Morató¹⁴.

De feito, en España, non foi ata os anos oitenta que se iniciaron os primeiros estudos que tomaron as mulleres como suxeito social da Historia na Idade Media.¹⁵ Estes estudos, importantísimos e necesarios, tiveron que enfrontarse ao feito de que “a inmensa maioría das mulleres dos tempos medievais eran iletradas, por tanto son poucas as que nos deixaron documentos escritos”¹⁶, pero, aínda así, demostraron “que as mulleres, ademais de atender a todo o doméstico, traballaban no público e colaboraban na produción”¹⁷ e que a Europa medieval —socialmente inxusta, masculina e violenta¹⁸ — foi testemuña de profundas e contraditorias transformacións e tamén unha “época de liberdade como irmandade ou, mellor, como sororidade”¹⁹, en palabras da historiadora María Milagros Rivera Garretas.

14 - Morató, Cristina, 2001, p. 30.

15 - Segura Graíño, Cristina, 2013, p. 33.

16 - Vinyoles, Teresa, 1993, p. 97.

17 - Rivera Garretas, María Milagros, 2013, p. 43.

18 - Bloch, Marc, 1986.

19 - Rivera Garretas, María Milagros, 2013, p. 24.

A idea que temos do Camiño de Santiago non permanece á marxe destes procesos, como non o fai ningún outro aspecto humano. A mirada que temos sobre as súas características e as de quen o camiñou está marcada polo forte androcentrismo que impregna a nosa sociedade. Como sinalou a historiadora Marta González Vázquez no seu libro pioneiro²⁰, aínda hoxe perdura “a difusión dun estereotipo sobre o peregrino que percorría os camiños que o conducirían finalmente ao sepulcro de Santiago: un home de mediana idade, barbado, solitario, cun ancho chapeu adornado pola vieira e na man esquerda o bordón do que pende a cabaza para apagar a súa sede.” Unha imaxe que para todas as persoas que vivimos en Compostela é realmente familiar, debido a que ata non fai tanto compartiamos as rúas co famoso Zapatones —que respondía exactamente a esa descrición e vivía de fotografarse con turistas— e, aínda hoxe, existen carteis publicitarios en varios puntos da zona vella onde facerse unha foto baixo esa aparencia. De feito, cando participei no instituto nun concurso gráfico para o Ano Xacobeo 1993 —ano que supuxo un antes e un despois na maneira de entender e xestionar os activos turísticos relacionados co Camiño de Santiago—, os carteis, os folletos e os adhesivos gañadores reproduciron este mesmo estereotipo de home barbado vestido de marrón —algo máis estilizado que Santa Claus— que ben parece unha reprodución dos trazos que se lle atribúen ao propio Apóstolo Santiago, sen ir máis lonxe, no busto que se abraza no interior da catedral de Compostela.

20 - González Vázquez, Marta, 1989, p. 20. González Vázquez, Marta, 1989, p. 20.

Salimos de Oviedo. Son más de 400 kilómetros hasta Santiago de Compostela por el Camino Primitivo, el que está peor señalado y surtido. Y se notó profundamente la pandemia. Una vez tuvimos que caminar 37 kilómetros para encontrar un sitio abierto, no había dónde comer, ni albergues ni tiendas: todo cerrado. Este año no hacía falta reservar porque no había nadie: el hospitalero te abría y se iba, y al día siguiente le dejábamos las llaves. Algunas noches nos quedamos a dormir en el bosque y comimos castañas y manzanas. En realidad la naturaleza te da todo lo que necesitas. De verdad, el bosque te proveerá.

This year, during 2020, we’ve done what I call the “Covid Way”. I went with both my children, who’ve signed up to the Way for life. I can’t keep them away! The truth is I’m very happy to share it with them. How many kids in their thirties go on vacation with their mother to walk? I never would’ve imagined it, but they love it. Since the beginning of the year I was already counting the days.

We left from Oviedo. It’s more than 400 kilometers from Santiago de Compostela on the Original Way, it’s got the worst signage and organization. And it was terribly obvious during the pandemic. Once we had to walk 37 kilometers to find an open place, there was nowhere to eat, no hostels or shops: everything was closed. This year making reservations wasn’t necessary, no one was there: The hostel owners would open for us then leave, and the next day we’d leave the keys. Some nights we’d sleep in the woods and eat nuts and apples. In truth, nature gives you everything you need. Seriously, the forest provides.

Non importa a idade. O que hai que ter é ganas e motivación. Eu recoméndolle o Camiño a todas as mulleres, con total tranquilidade. Nos Camiños habituais non hai perigo, están ben sinalizados, non te perdes. Se durante un intre non ves frechas, volve atrás, porque enseguida atoparás unha e retomas o percorrido.

Lémbrome dunha señora asiática que me crucei andando. Ía soa, tería uns noventa anos. Falei con ela un momento, axudándonos de acenos. Era moi maior, mais tan pequeniña... pesaría 35 quilos. Ía totalmente cuberta, até con gorro e luvas, e levaba dous bastóns e un pequeno macuto. Díxome que todos os anos facía o Camiño soa. Así que xa vedes, calquera pode facelo. Eu recoméndoo absolutamente e convidado a que, unha vez polo menos, se faga en soidade. Ir soa é mirar o teu interior, chegar ao fondo de ti mesma. Este ano, aínda que eramos tres, moitas veces camiñamos en soidade, a un quilómetro de distancia: dáche ganas de mergullar no teu interior.

Ningún Camiño é igual: paisaxes distintas, experiencias distintas, xentes distintas... Cada viaxe é unha aventura e todas as emocións contidas bótalas fóra fronte á catedral, tan imponente.

Non tiven ningunha mala experiencia no Camiño, nin sequera torceduras ou bochas. Xa ves, con 58 anos e cunha pandemia polo medio, e acabo de chegar de Santiago!



Na Praza do Obradoiro en Santiago de Compostela

No importa la edad. Lo que hay que tener es ganas y motivación. Yo recomiendo el Camino a todas las mujeres. Con total tranquilidad. En los Caminos habituales no hay peligro, están bien señalizados, no te pierdes. Si durante un rato no ves flechas, vuelve atrás porque enseguida encontrarás una y retomas el recorrido.

Recuerdo a una señora asiática que me crucé andando. Iba sola, tendría unos noventa años. Hablé con ella un rato, ayudándonos con señas. Era muy mayor y tan pequeña... pesaría 35 kilos. Iba totalmente cubierta, hasta con gorro y guantes, y llevaba dos bastones y un pequeño macuto. Me dijo que todos los años hacía el Camino sola. Así que ya veis, cualquiera puede hacerlo. Yo lo recomiendo absolutamente, e invito a que una vez al menos se haga en soledad. Ir sola es ver tu interior, llegar al fondo de ti misma. Este año, aunque éramos tres, muchas veces caminamos solos, a un kilómetro de distancia: te da ganas de bucear en tu interior.

Ningún Camino es igual: paisajes distintos, experiencias distintas, gentes distintas... Cada viaje es una aventura, y todas las emociones contenidas las sueltas de golpe ante la catedral, tan imponente.

No he tenido ninguna mala experiencia en el Camino, ni siquiera torceduras o ampollas. Ya ves: con 58 años y una pandemia por el medio, ¡y acabo de llegar de Santiago!

Age makes no difference. What you have to have is motivation and desire. I recommend the Way to all women. With absolute confidence. On regular Ways, there is no danger, they're well marked, you won't get lost. If you don't see arrows for a while, turn back because you'll find one and get back on track.

I remember coming across an Asian woman. She was walking alone, she must have been ninety years old. I spoke to her for a while, with the help of our hands. She was so old, and so small... she must have weighed 35 kilos. She was completely covered, even wearing a hat and gloves, and had two walking canes and a small bag. She told me that she did the Way every year by herself. So you can see, anyone can do it. I absolutely recommend it, and I propose that it be done at least once in solitude. Going by yourself is seeing your inner world, deep into yourself. This year, even though there were three of us, many times we walked alone, one kilometer apart: it makes you want to dive into yourself.

No path is the same: different landscapes, different experiences, different people...

Each trip is an adventure, and all the emotions repressed within you are suddenly released in front of the cathedral, such an imposing structure.

I haven't had any bad experiences on the Way, not even a twisted ankle or blisters. See for yourself: 58 years old and a pandemic in full swing, and I've just arrived from Santiago!



Se estás a pensar en facer o Camiño, Isabel recoméndache:

Investiga moito as rutas, os albergues... Eu, a primeira vez, fun soa e decidín empezar en Sarria para seguir o Camiño máis transitado.

Antes de partir, é bo adestrar con camiñadas e con mochilas de dez quilos. Así llo recomendei á miña filla e ás súas amigas. Eu non espero por ninguén!

Levar unha caixa de primeiros auxilios que inclúa xeonlleiras e algo para as bochas.

Importantísimo: hai que coidar moito os pés! Son as túas ferramentas. Eu recomendo usar vaselina, a de toda a vida. Nunca tiven bochas. Aplícaa cunha masaxe nos pés despois de ducharte, antes de durmir e antes de saír pola mañá.

Ir lixeira de equipaxe. Eu cada vez levo menos: unha pastilla de xabón, unha toalla, dúas camisetas e moitos calcetíns. Xa che dixen: o camiño provee.

Si estás pensando en hacer el Camino, Isabel te recomienda:

Investiga mucho sobre las rutas, los albergues... Yo la primera vez fui sola y decidí empezar en Sarria para seguir el Camino más transitado. Llevar pocas cosas en una mochila ligera.

Antes de partir, es bueno entrenar con caminatas y mochilas de diez kilos. Así se lo recomendé a mi hija y a sus amigas. ¡Yo no espero a nadie!

Llevar un botiquín de primeros auxilios que incluya rodilleras y algo para las ampollas.

Importantísimo: ¡hay que cuidar mucho los pies! Son tus herramientas. Yo recomiendo usar vaselina, la de toda la vida. Nunca he tenido ampollas. Aplícala con un masaje en los pies después de ducharte, antes de dormir, y antes de salir por la mañana.

Ir ligera de equipaje. Yo cada vez llevo menos: una pastilla de jabón, una toalla, dos camisetas y muchos calcetines. Ya te dije: el camino provee.

If you're thinking of doing the Way, Isabel recommends:

Research the routes and hostels as much as you can... The first time I went on my own and I decided to start in Sarria to take the route most travelled.

Before heading out, it's a good idea to train on walks with backpacks that weigh 10 kilos. This was my recommendation for my daughter and her friends. I don't wait for anyone!

Take a first aid kit that includes knee support and something for blisters.

Very important!: It is fundamental to take care of your feet! They are your tools. I recommend using vaseline, since forever. I've never had blisters. Massage it onto your feet after showering, before bed, and before going out in the morning.

Pack lightly. I take less and less every time: a small bar of soap, a towel, two shirts and many socks. Like I said before: the Way provides.



Alba



Son Alba, nacín no ano 1987 en Cartagena, de sangue metade galego, metade murciano. Sempre me gustou saborear o novo e que a aventura acompañe os meus pasos.

Considérome unha persoa inquieta, das que buscan insaciablemente outras maneiras de facer e habitar este mundo.

Son amiga da vida rural, da palabra salvaxe, das paisaxes... Actualmente móvome neste precario planeta dando chimpos alí onde a vida se deixa habitar.

Aínda que iso si, que as amigas non falten!



Soy Alba, nací en el año 1987 en Cartagena, de sangre mitad gallega, mitad murciana. Siempre me ha gustado saborear lo nuevo y que la aventura acompañe mis pasos.

Me considero una persona inquieta, de las que buscan insaciablemente otras maneras de hacer y habitar este mundo.

Soy amiga de la ruralidad, de la palabra salvaje, de los paisajes... Actualmente me muevo en este precario planeta dando saltos allí donde la vida se deja habitar. Aunque eso sí, siempre teniendo en cuenta... ¡que las amigas no falten!

I'm Alba, I was born in 1987 in Cartagena, by blood half Galician, half Murcian. I've always liked to savour the new and have adventure in my steps. I consider myself a restless person, of the tribe that searches insatiably for different ways to do and be in the world.

I'm a friend of rurality, with wild words, and belonging to landscapes... Currently I move through this precarious planet jumping to where life lets itself be lived in.

Of course, keeping in mind.... always with good girlfriends!

Fixen o Camiño por primeira vez con doce anos e voltei varias veces de adolescente. A primeira vez, fun cun grupo de xente diversa onde se misturaban familia e amizades. Entre estas últimas estaba a miña amiga Laura. A segunda vez, fíxeno só coa miña amiga Laura e a súa nai. Esta foi unha experiencia realmente especial, a primeira vez que sentín algo próximo a viaxar soa, pois practicamente o Camiño facíámolo a miña amiga e mais eu. É certo que tiñamos en todo momento á súa nai de referencia, pero podíamos gozar de autonomía para ir pola nosa conta.

A seguinte vez fun cun grupo grande de amizades e, xa a última, coa miña irmá e o meu pai. O percorrido que eliximos con máis frecuencia foi o do Camiño Francés de Sarria a Compostela. Tamén seguimos en varias ocasións a Fisterra.

O Camiño marcou os meus veráns da adolescencia pois agasalloume boas doses de aventura e a emoción única de propoñerme un reto e conseguilo.

É unha excelente opción para os anos de puberdade e de adolescencia!



El Camino lo hice por primera vez con 12 años y lo repetí varias veces siendo adolescente.

La primera vez lo realicé con un grupo de gente diverso en el que se mezclaban familia y amistades. La segunda vez lo hice con mi amiga Laura y con su madre. Ésta supuso una experiencia especial ya que fue la ocasión que más se aproximó a la sensación de viajar sola, pues prácticamente el Camino lo hacíamos mi amiga y yo. Es cierto que teníamos en todo momento a la madre de Laura de referencia, pero podíamos disfrutar de la autonomía de ir por nuestra cuenta.

La siguiente vez fue con un grupo grande de amigos y amigas, y ya la última con mi hermana y mi padre. La ruta que elegimos con más frecuencia fue la del Camino Francés de Sarria a Compostela aunque también seguimos en alguna ocasión a Fisterra.

El Camino marcó mis veranos de la adolescencia al regalarme buenas dosis de aventura, así como la emoción única de proponerme un reto y conseguirlo.

¡Es una excelente opción para los años de pubertad y adolescencia!

I did the Way a for the first time at age twelve, and then I went again many times as an adolescent.

The very first time, I went with a mixed group of people that included some family and friends, my friend Laura was among them. The second time I went with my friend Laura and her mother. This was a really special experience, the first time I felt something like traveling alone, because we did practically the whole Way just me and Laura, with her mother as a reference but with total autonomy to go off on our own.

The next time was with a big group of friends, and the last was with my sister and my father. The route we chose most frequently was the French Way from Sarria to Compostela. We also went on to Fisterra a couple of times.

The Way defined my summers as an adolescent. It gave me a dose of adventure and the unique excitement of setting a goal for myself and achieving it.

It is an excellent choice for adolescents working through puberty!

O Camiño supoñía algo novo, a posibilidade de vivir un verán diferente na compañía de amizades. Aínda lembro o sabor que deixan as ganas de explorar outros lugares, de vivir unha aventura, de estar en contacto coa natureza, de coñecer xente nova. Tamén foi moi importante —posto que eramos preadolescentes— gozar desa posibilidade de ter autonomía e liberdade para facer unha viaxe pola nosa conta, dando os nosos primeiros pasos de independencia, pero sen que isto xerara medo ou risco.

Lembro preparar a mochila con moita ilusión, pesando cada cousa na balanza para evitar o sobrepeso. Non creo que o itinerario esixa moita preparación previa, xa que en todo momento a ruta está marcada: é unha opción fácil e segura para camiñar.

Aínda podo cantaruxar con agarimo as cancións da viaxe que a miña amiga Laura e mais eu inventabamos relatando as nosas experiencias, incluíndo historias sobre as nosas compañeiras de viaxe e sobre as aventuras máis emocionantes.

Que gardo na miña memoria? Pois moitas imaxes, emocións e momentos: desde as paisaxes galegas á primeira hora da mañá, bañadas de resío, entre carballeiras de conto, ata os encontros con diversa xente que animaban a noso percorrido.



O primeiro camiño de Alba

El Camino suponía algo nuevo, la posibilidad de vivir un verano diferente en compañía de amistades. Aún recuerdo el sabor que dejan las ganas de explorar otros lugares, de vivir una aventura, de estar en contacto con la naturaleza, de conocer gente nueva. También fue muy importante —puesto que éramos preadolescentes— disfrutar de esa posibilidad de tener autonomía y libertad para hacer un viaje por nuestra cuenta, dando nuestros primeros pasos de independencia, pero sin que esto nos generara miedo o riesgo.

Recuerdo preparar la mochila con mucha ilusión, pesando cada cosa en la balanza para evitar el sobrepeso. No creo que el itinerario exija mucha preparación previa ya que en todo momento la ruta está marcada: es una opción fácil y segura para caminar.

Todavía puedo tararear con cariño las canciones del viaje que mi amiga Laura y yo inventábamos relatando nuestras experiencias, incluyendo historias sobre nuestras compañeras del Camino y sobre las aventuras más emocionantes.

¿Qué guardo en mi memoria? Pues muchas imágenes, emociones y momentos: desde los paisajes gallegos a primera hora de la mañana, bañados de rocío, entre robledas de cuento, hasta los encuentros con gente diversa que nos alegraban el recorrido.

The Way proposed something new, the chance to have a different kind of summer in the company of friends. I still remember the taste of wanting to explore new places, of having an adventure, being in contact with nature and meeting new people. It was also very important —considering that we were pre teens— to enjoy our autonomy and freedom to do the trip as we wished, taking our first independent steps, but without it creating fear or a feeling of risk.

I remember preparing my backpack full of hope, weighing each object on the scale to avoid being overloaded. I don't think the itinerary demanded much preparation because the route is always clearly marked: it's an easy and safe option for hiking. I can still affectionately hum songs from the road that my friend Laura and I made up about our experiences, including stories about our travel companions on the Way and the more exciting adventures.

What memories do I treasure? Well, many images, emotions and moments: Galician landscapes in the early morning hours, bathed in dew, among dreamy oak forests, as well as gatherings with different people that made the Way happier.

Unha das cousas que máis me gustou do Camiño neses primeiros anos nos que vivín esa experiencia tan profunda coa miña amiga foi a posibilidade de coñecer xente diferente e sentirme acompañada e parte dun grupo durante todo o itinerario. Ao ser un percorrido por etapas, podemos coincidir con algunhas persoas repetidamente e fomos creando un equipo de viaxe. Sentínme moi a gusto durante o percorrido e encantoume iso de ser parte do grupo grande e variado de xente co que a miña amiga e eu fixemos relación.

Una de las cosas que más me gustó del Camino en esos primeros años en los que viví una experiencia más profunda con mi amiga fue la posibilidad de conocer a gente diversa, y sentirme acompañada y parte de un grupo durante todo el itinerario. Al ser un recorrido por etapas, pudimos coincidir con algunas personas repetidamente y se fue creando un equipo de viaje. Me sentí muy a gusto durante el recorrido y me encantó sentirme parte de un grupo grande y variado de gente con el que mi amiga y yo hicimos relación.

One of the things I liked the most about the Way in those first years during this profound experience with my friend was the chance to meet a diverse range of people, feel accompanied and part of a group throughout the itinerary. The route is done in stages, so we could make plans with people repeatedly and make a sort of travel team. I was very happy on the Way and I loved feeling part of a big and varied group with the people my sister and I got along with.






Non teño ningún recordo difícil ou duro... tampouco sentín medo. Quizais, os aspectos máis negativos que lembro teñen que ver coa masificación dalgúns puntos do Camiño e unha especie de competencia xerada entre certas persoas para atopar o mellor lugar para durmir ou para chegar antes...

No tengo ningún recuerdo difícil o duro... tampoco sentí miedo. Quizás los aspectos más negativos que recuerdo tienen que ver con la masificación de algunos puntos del Camino y una especie de competencia generada entre ciertas personas para encontrar el mejor lugar para dormir o llegar antes...

I don't have any difficult or hard memories... I wasn't afraid either. Maybe the most negative aspects that I remember have to do with some points of the Way that were too popular and a kind of competitive spirit existed between some people to find the best place to sleep or arrive at the destination first...

A woman wearing a wide-brimmed hat is seen from the back, looking out over a vast, mountainous landscape. The valley below is filled with green trees and rocky terrain, with steep hillsides rising in the background under a clear sky.

Teño claro que o feito de ser muller condiciona a túa viaxe, pois nesta sociedade non é o mesmo que unha persoa identificada como muller viaxe soa, a que o faga unha persoa recoñecida como home.

Aínda que no Camiño non sufrín ningún risco, si tiven outras experiencias viaxando soa nas que sentín temor. Mesmo así, creo que todas elas me abriron portas e me permitiron afrontar e superar medos. Talvez, unha das viaxes que máis me marcou neste sentido foi unha que fixen en bicicleta polos Pireneos, pois era a primeira vez que vivía a experiencia de durmir pola miña conta en contacto coa natureza, só coa miña tenda de campaña e coas alforxas de equipaxe.

Teño presente que o feito de viaxar soa implica afrontar desafíos que non terías de vivir nun corpo de home. Por iso, e porque me cabrea esa diferenza, creo que é imprescindible darnos a opción de lanzarnos á viaxe e seguir abrindo camiños, para que as mulleres poidamos viaxar soas en espazos seguros. Creo importante tamén normalizar o feito de que as mulleres viaxamos soas, que somos moitas as que o facemos e que é posible lanzarte á aventura.

Así, aos poucos, iremos disipando as fronteiras de medo que nos axexan.

Tengo claro que el hecho de ser mujer condiciona tu viaje, pues en esta sociedad no es lo mismo que una persona identificada como mujer viaje sola, a que lo haga una persona reconocida como hombre.

Aunque en el Camino no vivencí ningún riesgo, sí he tenido otras experiencias viajando sola en las que sentí temor. Aún así creo que todas estas experiencias me han abierto puertas y me han permitido afrontar y superar miedos. Quizás uno de los que más me marcó fue un viaje que hice en bicicleta por el Pirineo, pues fue la primera vez que viví la experiencia de dormir por mi cuenta en contacto con la naturaleza, solo con mi tienda de campaña y las alforjas de equipaje.

Tengo presente que el hecho de viajar sola implica enfrentarte a desafíos que no tendrías si vivieras en un cuerpo de hombre. Por eso, y porque me cabrea esa diferencia, creo que es imprescindible darnos la opción de lanzarnos al viaje y seguir abriendo caminos para que las mujeres podamos viajar solas en espacios seguros. Creo importante también normalizar el hecho de que las mujeres viajamos solas, que somos muchas las que lo hacemos y que es posible lanzarte a la aventura.

Así, poco a poco, iremos disipando las fronteras de miedo que nos acechan.

It's clear to me that being a woman conditions travel, because in this society for a woman that identifies as such to travel alone, is not the same as for a person who is recognized as a man.

Even though I never experienced risk on the Way, I have had other experiences traveling alone during which I felt fear. Even so, I think all of these experiences have opened doors for me and have allowed me to face and get over fears. Maybe the one that made the deepest impression was when I did a bike trip through the Pyrenees, because it was the first time that I experienced sleeping on my own in nature, just me, my tent and my saddlebags.

I'm conscious that traveling alone implies facing challenges that you wouldn't have to if you lived in the body of a man. Precisely because of this, and because that difference makes me angry, I think it's essential to give ourselves the choice to throw ourselves into travel and continue to open paths so that women can travel alone in safe spaces. I think it's also important to normalize the fact that women travel alone, that many of us do it and it is possible to let yourself have adventure.

This way, little by little, we can dissipate the frontiers of fear that stalk us.

Para animar a máis mulleres a facer o Camiño, a Alba ocórreselle:

Pasaron anos desde que vivín a experiencia e non sei se cambiaría moito a realidade do Camiño. Aínda así, sigo pensando que é unha opción fácil para viaxar soa, xa que é un camiño marcado e frecuentado por xente en todo momento. A pesar disto, creo que sería gustoso e recomendable achar algún punto de referencia feminina durante o percorrido ao que poder acudir no caso de sufrir algún tipo de violencia, algo así como os puntos violetas que se atopan en contornas de noite e de festa.

Para animar a más mujeres a hacer el Camino, a Alba se le ocurre:

Han pasado años desde que viví la experiencia y no sé si habrá cambiado mucho la realidad del Camino. Aún así, sigo pensando que es una opción fácil para viajar sola ya que es un camino marcado y frecuentado por gente en todo momento. A pesar de esto, creo que sería gustoso y recomendable encontrar algún punto de referencia femenina durante el recorrido al que poder acudir en caso de sufrir algún tipo de violencia. Algo así cómo los puntos violetas que se encuentran en entornos de noche y fiestas.

To encourage more women to do the Way, Alba recommends:

It's been years since the last time I experienced the Way and I don't know if much has changed. Even so, I still think it's an easy option to travel alone because it's a marked trail and frequented by people at all times. Despite this, I think it would be nice and recomendable to find some feminine point of reference along the Way to be able to find help if there are any violent events. Something like purple points that can be found at nightclubs and parties.



Ximena



O meu nome é Ximena. Nacín en Bos Aires e son psicóloga.

Fixen o Camiño de Santiago a finais do ano 2019 e foi unha experiencia tan forte que aínda me emociono moito ao lembrala. Creo que participar neste proxecto é unha oportunidade para ordenar todo o que vivín.

Estar na natureza, camiñar e viaxar son as miñas grandes paixóns. Para min, a viaxe —desde o momento mesmo en que tomas a decisión de levala adiante— é unha procura que te conecta co máis íntimo, coa túa espiritualidade, e permíteche á vez conectar cos outros dunha maneira máis libre, sen importar de onde vés, só as vivencias que compartes no presente. O Camiño de Santiago, para min, foi toda unha potencia transformadora: paso a paso, quilómetro a quilómetro, fun transcendendo as dificultades, aprendendo a compartir con descoñecidos e confiando na vida e no que o Camiño me ía traendo como aprendizaxe.



My name is Ximena, I was born in Buenos Aires and I'm a psychologist.

I did the Camino de Santiago at the end of 2019, and it was such a powerful experience that I still get emotional thinking about it. I believe that participating in this project is an opportunity to put all my experiences in order.

Being in nature, walking and traveling are my strongest passions. For me, traveling —from the very moment you decide to do it— is a quest that connects you to the most intimate part of yourself, your spirituality, and allows you to also connect with others in a more liberal way, no matter where you're coming from, simply to share the experiences that you share in the present. St. James' Way has been a transformative power for me, during which, step by step, kilometer by kilometer, I've overcome difficulties by learning to share with strangers and trusting in life and what the Way has brought me as lessons.



En Ponferrada

O meu Camiño, en realidade, empezou hai bastantes anos, cando escoitei falar del por primeira vez no meu traballo, por mor dun comentario sobre a película *O Camiño*. Por esa época, cando tiña vinte e poucos anos, empecei a viaxar nas vacacións ao sur de Arxentina para visitar á miña curmá Viviana. Ela era a única coa que podía compartir a miña paixón por camiñar, así que cruzaba o país soa para escapar do típico plan de pasar o verán tirada na praia comendo porcalladas. A miña curmá e eu andabamos todo o día subindo e baixando montañas, e foi ela quen me animou a non ter medo de facelo soa.

Nun deses veráns, coñecín a Aurora, unha muller de 64 anos coa que coincidín no Chaltén. Pouco antes, eu sufrira un accidente grave montando en bicicleta de montaña e, no albergue, mentres me recuperaba, escoiteina falar acerca da súa experiencia no Camiño. Pedílle que me contase máis e mirei as fermosas fotos que ela fixera da viaxe. Para min, o trekking non é unha cuestión deportiva, senón espiritual, e algo pasa no Camiño se durante centos de anos leva convidando a xente a camiñar.

Así que, cando no 2017 fun co meu noivo de entón de viaxe por varios países de Europa, aproveitei para comprar unhas botas e unha mochila nunha tenda de deportes. “Para cando volva o próximo ano —díxenme—, para facer o Camiño de Santiago”.

Mi Camino en realidad empezó hace bastantes años, cuando escuché hablar de él por primera vez en mi trabajo a raíz de un comentario sobre la película *El Camino*. Por esa época, cuando tenía veintipocos años, empecé a viajar en vacaciones al sur de Argentina para visitar a mi prima Viviana. Con ella era la única con la que podía compartir mi pasión por caminar, así que me iba sola, cruzando el país, para escapar del típico plan de pasar el verano tirada en la playa comiendo porquerías. Mi prima y yo andábamos todo el día subiendo y bajando montañas, y fue ella quien me animó a no tener miedo de hacerlo sola.

En uno de esos veranos conocí a Aurora, una mujer de 64 años con la que coincidí en el Chaltén. Poco antes, yo había sufrido un accidente grave haciendo bicicleta de montaña y en el albergue, mientras me recuperaba, la escuché hablar acerca de su experiencia en el Camino. Le pedí que me contase más y vi las hermosas fotos que ella había hecho del viaje. Para mí, el trekking no es una cuestión deportiva sino espiritual, y algo pasa en el Camino si durante cientos de años sigue invitando a la gente a caminar.

Así que cuando en 2017 me fui con mi novio de entonces de viaje por varios países de Europa, aproveché para comprar unas botas y una mochila en una tienda de deportes. “Para cuando vuelva, el próximo año —me dije— a hacer el Camino de Santiago”.

In truth My Way began many years ago, when I heard people talking about it at work, commenting on the movie *The Way*. Around that time, when I was twenty—something, I started to take vacations in the south of Argentina to visit my cousin Viviana. She was the only person I could share my passion for walking with, so I went on my own, crossing the entire country, to escape the typical beach summer, lying around eating junk food. My cousin and I went up and down mountains all day, and she gave me courage to do it alone.

On one of those summer trips I met Aurora, a 64 year old woman that was in the Chaltén at the same time I was. Not long before that I’d had a serious mountain bike accident and at the hostel, while I recovered, I heard her talking about her experience on the Way. I asked her to tell me more and she showed me beautiful photos that she had taken of the Way. For me, trekking is not about sport, but spirit, and something clearly happens on the way if it keeps attracting people over hundreds of years.

So when in 2017 I went with my boyfriend at the time on a trip to a variety of countries in Europe, I took advantage of buying boots and a backpack at a sports store. “For when I come back, next year —I told myself— to do St. James’ Way”.



Entrando en Pamplona

Entón, eu traballaba nunha escola como mestra integradora, pero non podía máis. Eu tomábame o acompañamento moi en serio, estaba moi involucrada, pero loitar contra o inmovilismo institucional facíase moi difícil. Non podía deixar o traballo porque quedaba sen ingresos, pero dábame conta de que me estaba facendo dano. Entrei en crise e decidín tomar unha excedencia duns meses. Cortei o pelo, empecei a facer outras cousas e, cando volví en agosto, resultou que non tiñan un posto para ofrecermos, así que, de súpeto, atopeime sen relación de dependencia, con tempo libre e cunha boa indemnización.

Decidín que o momento era chegado.

O meu avó, de noventa e dous anos, preguntábame: “Pero como vas camiñar tanto?” E, claro, non vou negar que tiña medo. Estaba a piques de marchar soa á outra punta do planeta para camiñar. Ademais, temía

que ao ser xa novembro houbera pouca xente e os albergues estivesen pechados, ou que o paso polos Pireneos fose impracticable. Durante as semanas previas, informeime ben e contactei con outras peregrinas que tiñan a mesma data de saída ca min. Finalmente, compreí un billete por tres meses a Barcelona, onde tiña uns amigos.

A noite anterior a partir cara Saint Jean Pied de Port, onde ía dar inicio o meu Camiño, púxenme moi nerviosa. “Estou tola, non? —pregunteille ao meu amigo—. Como vou camiñar 800 quilómetros!” Pero el regaloume o seu amuleto da sorte, un recordo das súas viaxes por Latinoamérica, e díxome: “Vai e, se non podes, volves, e xa está”.

Así que o 1 de novembro cheguei a Pamplona, disposta a compartir un taxi para cruzar a Francia e darlle por fin comezo á miña aventura, pero alí, na estación, polas rúas, nas prazas... alí non había ninguén.

Entonces yo trabajaba en una escuela como maestra integradora pero no podía más. Yo me tomaba el acompañamiento muy en serio, estaba muy involucrada, pero luchar contra el acartonamiento institucional se me hacía muy difícil. No podía dejar el trabajo porque me quedaba sin ingresos, pero me daba cuenta de que me estaba haciendo daño. Entré en crisis y decidí tomarme una excedencia de unos meses, me corté el pelo, empecé a hacer otras cosas, y cuando volví en agosto resultó que no tenían un puesto para ofrecermos, así que de repente me encontré sin relación de dependencia, con tiempo libre y con una buena indemnización.

Supe que había llegado el momento.

Mi abuelo, de noventa y dos años, me preguntaba “¿Pero cómo vas a caminar tanto?” Y claro, no voy a negar que tenía miedo. Me estaba yendo sola a la otra punta del planeta a caminar. Además, temía que al ser ya noviembre hubiese poca gente y los albergues estuviesen cerrados, o que el paso por los Pirineos fuese impracticable. Durante las semanas previas me informé bien y contacté con otras peregrinas que tenían la misma fecha de salida que yo. Finalmente compré un billete por tres meses a Barcelona, donde tenía unos amigos.

La noche anterior a partir hacia Saint Jean Pied de Port, donde iba a dar inicio a mi Camino, me puse muy nerviosa. “Estoy loca, ¿no? —le pregunté a mi amigo— ¡cómo voy a caminar 800 kilómetros!” Pero él me regaló su amuleto de la suerte, un recuerdo de sus viajes por Latinoamérica, y me dijo: “Ve, y si no puedes, te vuelves y ya está”.

Así que el 1 de noviembre llegué a Pamplona, dispuesta a compartir un taxi para cruzar a Francia y dar al fin comienzo a mi aventura, pero allí, en la estación, por las calles, en las plazas... allí no había nadie.

Back then I worked at a school as a therapeutic companion but I couldn't take it anymore. My job was very serious for me, I was very involved, but fighting against the institutional rigidity was becoming too difficult. I couldn't leave my job because it would have left me without income, but I understood that I was hurting myself. I had a crisis and I decided to take leave for a few months, I cut my hair, I started to do other things, and when I went back in August it turned out there was no longer a position available to me, so I found myself without a job, with free time and with a good indemnization.

I knew the time had come.

My grandfather, who was ninety two years old, asked me, “How are you going to walk so much?”

Of course I won't deny that I was afraid. I was going to the other side of the world on my own to walk. Besides, I was afraid that because it was November there would be few people and the hostels would be closed, or that the pass through the Pyrenees would be impossible. For weeks beforehand I researched and contacted other pilgrims that had the same start date as I did. In the end, I bought a ticket for three months to Barcelona, where I had some friends.

The night before I left for Saint Jean Pied de Port, where I would initiate my Way, I got very nervous. “I'm crazy, right? —I asked my friend— How am I going to walk 800 kilometers!?” But he gave me his lucky amulet, a souvenir from his travels through Latin America, and he told me: “Go, and if you can't do it, you come back and that's that”.

So on November 1st I arrived in Pamplona, willing to share a taxi to crossover to France and finally begin my adventure, but there at the Station, on the streets and in the plazas, there were no people.

Da nada foron aparecendo peregrinos: Val, de Brasil; Julia, de Rusia; Fátima e Gerardo, de Madrid; e Álex, e finalmente enchemos o taxi que nos levou a Saint Jean Pied de Port. Para min, que amo a montaña, atravesar os Pireneos era un soño cumprido. Fomos xuntos ao albergue e alí empezamos a sentirnos como unha familia.

Unha fai o Camiño para deixar de coidar dos outros, para pensar só en si mesma. Eu, afeita a estar sempre dispoñible, crin que alí podería estar soa, pero o Camiño é comunidade. É o primeiro que se me vén á cabeza ao lembralo: véxonos cada un ao seu ritmo, pero, á vez, pendentes dos demais, compartindo coñecementos, cocinando para todos, traducindo, facéndonos rir, curándonos...

Cando botamos a andar, notei que Val camiñaba máis de vagar. Ela ía no seu mundo escoitando música, bailando e, baixo a choiva permanente, facíase moi difícil esperala. Julia, en cambio, tiña un ritmo máis similar ao meu. Todas as persoas eran tan interesantes... Cada unha tiña as súas motivacións e eu, que non sabía inglés, non quería perderme os seus relatos. En realidade, iso é o Camiño, o tecido de todas esas historias. Olivier empezou a camiñar desde a súa casa en Francia. Florencia, uruguaia de 23 anos, ía soa e parecía tan pequeniña... camiñaba por ela e por cumprir o soño que a súa nai non puido chegar a realizar. Eu levaba unha foto do meu pai, tamén recentemente falecido, e quería camiñar esa dor, quería camiñar con el a Compostela.

Atopei moitas mulleres soas e historias moi profundas. Lembro unha señora coreana que non falaba nada de español e se comunicaba co tradutor do seu móbil. Ninguén estaba alí camiñando porque si. Era todo moi intenso, a posibilidade de volver confiar

no que nos une como humanidade. Facer o camiño soa é unha experiencia única. Pero, á vez, agruparnos permitíanos facer cousas como mandar as mochilas a León para camiñar corenta quilómetros nun só día sen peso. Ao chegar, esa noite, tomamos uns viños Yuki, de Xapón; Shao, de Taiwán; as irmás norueguesas Edita e Amber; Julia e mais eu, e levantámonos como novos.

A medida que avanzabamos, o grupo íase refacendo: algúns chegaban, outros seguían outros camiños. Sentiamos unha dor desgarradora en cada separación. Pasamos xuntos tres días ou unha semana, pero parecía unha vida enteira... E como saber se algunha vez nos volveríamos atopar? Os dós, cada pequena morte, foron o máis terrible do Camiño. De feito, Álex, Shao e mais eu non fomos quen de nos separar: fomos xuntos a Fisterra, despois voamos a Barcelona e só faltou que eu tomase tamén un avión a Taiwán.



Alex agasallounos cunhas verduriñas en Ponferrada

De la nada fueron apareciendo peregrinos: Val de Brasil, Julia de Rusia, Fátima y Gerardo de Madrid, Álex, y finalmente llenamos el taxi que nos llevó a Saint Jean Pied de Port. Para mí, que amo la montaña, atravesar el Pirineo era un sueño cumplido. Nos fuimos juntos al mismo albergue y allí empezamos a sentirnos como una familia.

Una se va al Camino para dejar de cuidar de los otros, para pensar solo en sí misma. Yo, acostumbrada a estar siempre disponible, creí que allí podría estar sola, pero el Camino es comunidad, es lo primero que se me viene a la cabeza al recordarlo: nos veo cada uno a su ritmo pero a la vez pendientes de los demás: compartiendo conocimientos, cocinando para todos, traduciendo, haciéndonos reír, curándonos...

Cuando empezamos a andar noté que Val caminaba más lento, ella iba en su mundo escuchando música, bailando, y bajo la lluvia permanente se me hacía difícil ir a la par. Julia, en cambio, tenía un ritmo más similar al mío. Todas las personas eran tan interesantes... Cada una tenía sus motivaciones y yo, que no sabía inglés, no quería perderme sus relatos. En realidad eso es el Camino, el tejido de todas esas historias. Olivier empezó a caminar desde su casa en Francia. Florencia, uruguaya de 23 años, iba sola y parecía tan pequeniña... caminaba por ella y por cumplir el sueño que su madre no pudo llegar a realizar. Yo llevaba una foto de mi padre, también recientemente fallecido, y quería caminar ese dolor, quería caminar con él a Santiago.

Encontré muchas mujeres solas e historias muy profundas. Recuerdo una señora coreana que no hablaba nada de español y se comunicaba con el traductor de su móvil. Nadie estaba allí caminando porque sí. Era todo muy intenso. La posibilidad de volver a confiar en lo que nos une como humanidad. Hacer el camino sola es una experiencia única. Pero, a la vez, agruparnos nos permitía hacer cosas como mandar las mochilas a León para caminar 40 kilómetros en un solo día sin peso. Al llegar esa noche nos tomamos unos vinos Yuki de Japón, Shao de Taiwan, las hermanas noruegas Edita y Amber, Julia y yo, y nos levantamos como nuevos.

A medida que avanzábamos el grupo se iba rehaciendo, algunos llegaban, otros seguían otros caminos. Sentíamos un dolor desgarrador en cada separación. Habíamos pasado juntos tres días o una semana, pero parecía una vida entera... ¿Y cómo saber si alguna vez nos volveremos a encontrar? Los duelos, cada pequeña muerte, fueron lo más terrible del Camino. De hecho, Álex, Shao y yo no nos pudimos separar, fuimos juntos a Fisterra, después volamos a Barcelona, sólo faltó que yo me tomase también un avión a Taiwán.

Out of nowhere pilgrims started appearing: Val from Brazil, Julia from Russia, Fátima and Gerardo from Madrid, Alex, and finally we filled the taxi that took us to Saint Jean Pied de Port. For me, a mountain lover, crossing the Pyrenees was a dream come true. We went to the same hostel together and started to feel like a family.

One does the Way to stop taking care of others and focus on oneself. I was accustomed to being available always, I thought I could be alone there, but the Way is community, it's the first thing that comes to my head when I remember it: I see us, each one at their own rhythm but at the same time attentive to the others: sharing knowledge, cooking for everyone, translating, making each other laugh, healing each other....

When we began to walk I noticed that Val walked slower, she was in her own world, listening to music, dancing, and under the constant rain it was difficult for me to wait for her. Julia, on the other hand, had a similar pace to mine. Everyone was so interesting... Everyone had their motivation and I, not speaking English, didn't want to miss their stories. Honestly, that is the Way, the weaving of all those stories.

Olivier began walking from his house in France. Florence, from Uruguay and only 23 years old, was alone and seemed so small... Doing the Way on her own was her mother's most beloved dream. I carried a photo of my father, also recently deceased, and wanted to walk that pain, I wanted to walk with him to Santiago.

I found many women walking alone with profound stories. I remember one Korean woman that didn't speak any Spanish and communicated through the translator on her phone. No one was walking just because. It was all very intense. It was a chance to trust again in what unites us as a humanity. Doing the Way alone is a unique experience. That said, getting together allowed us to do things like sending the backpacks to Leon to walk for 40kms without weight on our backs for a day. That night we drank some wine, Yuki from Japan, Shao from Taiwan, and the Norwegian sisters Edith and Amber, Julia and I, woke up good as new.

As we advanced the group changed, some joined, others took different paths. We felt a gut wrenching pain with every separation. We had spent 3 days together or a week, but it felt like a lifetime... And who knew if we would ever see each other again. Mourning, each little death, were the most terrible parts of the Way. In fact, Alex, Shao and I could not separate, we went to Fisterra together, then flew to Barcelona, the only thing missing was if I'd taken a plane to Taiwan.



Choveu todos os días, desde o primeiro ata o último, sen parar. Pero o máis duro foi a neve. As botas non me secaban, así que saía polas mañás con elas xa molladas. Unha vez, entrei no albergue chorando de dor despois dun día durísimo camiñando sobre rocha. A dor no Camiño está determinada polo tipo de chan que pisas. E como xa era outono e había moitos lugares pechados, non había outra opción que camiñar e camiñar, e aguantar a dor. E iso que eu non tiven bochas, pero vin pés sangrando que doía miralos.

